

Erna

REVISTA GALEGA DE ECOLOXÍA
E MEIO AMBIENTE



Inverno 98-99

Número 26

450 Ptas.

**Enerxía:
Xigantes eólicos**

Conservar o Xistral

O lobo: Acosado

**Árvores:
O bidueiro**

**Aves:
A becacina**

**Roteiro:
O Morrazo**



4 TRIBUNA

6 ACTUALIDADE

PARQUES EÓLICOS

9 ENERXIA EÓLICA: MUIÑOS OU XIGANTES?

XOAN R. DOLDÁN GARCIA

10 EN DEFENSA DO XISTRAL

ÁRVORES PRODUTIVAS

12 O BIDUEIRO

JACOBO FEIJOO LAMAS

O LOBO

14 O LOBO IBÉRICO NA GALIZA: SITUACIÓN ACTUAL

PEDRO ALONSO

18 O SEÑOR DA FRAGA, EN CUESTIÓN

XOSÉ SALVADORES COBAS

ROTEIRO

22 CAMIÑANDO POLO MORRAZO

"O CARBALLAL DE COIRO"

JUÁN A. TOMÉ E LUIS M. PÉREZ

A NOSA FAUNA

25 A BECACINA, UNHA ESPÉCIE A CONSERVAR

FRANCISCO ARCOS E RAFAEL SALVADORES

AGRICULTURA

27 O AGRO GALEGO DE 1900 A 1936

LORENZO FERNÁNDEZ PRIETO E XOSÉ MANUEL

GONZÁLEZ VILAS

A NATUREZA NA LITERATURA

30 GONZALO LÓPEZ ABENTE (II)

EMÍLIO XOSÉ INSUA

32 ACTIVIDADES, LIVROS, ENCRUCILLADO

COMIDA SANA

33 AS ALGAS, AS VERDURAS DO MAR

ISABEL Kerdudo



Os grupos ecoloxistas denuncian a forma en que se está promovendo a enerxía eólica. A instalación de parques eólicos segue unicamente criterios de lucro para as empresas eléctricas, sen que os poderes públicos que as subvencionan teñan garantías de que non se destrúan espazos naturais de valor insustituíbel.



Alarma no Ulla pola intención de fenosa de construír trece novos encoros na zona de Portodemouros. Na fotografía, lugar onde se ubicaría o salto número 3 (a presa). Na marxe esquerda do río aínda persiste unha masa de sobreiras.

Cerna
REVISTA GALEGA DE ECOLOXÍA E MEIO AMBIENTE

REVISTA GALEGA DE ECOLOXÍA E MEIO AMBIENTE

Tel. e Fax. (981) 57 00 99

Rúa de Touro, 21 2º

15704 Santiago de Compostela

E-Mail: a.d.e.g.a@mx3.redestb.es

CONSELLO DE REDACCIÓN:

Joan Carmona, Elvira Cienfuegos, Pedro Alonso, Emilio Ínsua, Santiago Ortiz, Xesús Pereiras, Pepe Salvadores, Manuel Soto.

EDITA: ADEGA (Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza). Febreiro - 1999.

Tanto en artigos como noutras colaboracións, respéitase a normativa lingüística do autor. CERNA non se fai copartícipe, necesariamente, das ideas, opinións e afirmacións dos autores. Todo o material da revista pode ser reproducido sempre que se cite a fonte, esceptuando as fotografías de portada e contra portada, para as que sería necesario contar co permiso dos autores. CERNA edita-se en papel reciclado 100 %, para preservar os bosques e contribuír á reciclaxe do lixo. As capas son de papel libre de cloro.

FOTOGRAFÍA DA CAPA
Rui Morais de Sousa / C.R.L.I.

DESEÑO E MAQUETACIÓN
Xan G. Muras

IMPRESIÓN
Litonor

FOTOGRAFÍA DA CONTRACAPA
Xan G. Muras

FOTOCOMPOSICIÓN
Punto Cardinal

Depósito Legal: C-913-1986
ISSN: 1136-2677

TRIBUNA

OS INCENDIOS FORESTAIS: O LUME APAGASE NO INVERNO

Xosé Alfredo Pereira Martínez (Pte. da Xunta Rectora da Organización Galega de Montes)

Os montes arden porque hai diversos intereses para que ardan. De ahí que o 98% dos incendios forestais son intencionados. A problemática dos incendios forestais hai que emmarcala dentro da estrutura global do sistema; e polo tanto, está condicionada por factores políticos, económicos, sociais e mesmo sicolóxicos.

Na problemática dos incendios forestais non podemos esquecer varias consideracións:

1. O significado no seu tempo do monte veciñal en mán común como soporte do sistema agrario tradicional.

2. O traumatismo que significou para a sociedade rural galega a Lei do Patrimonio Forestal (ano 1941) e a Lei Hipotecaria (1946) mediante as cales, os montes veciñais foron usurpados polos concellos e os veciños e veciñas foron botados dos seus montes. En moitos lugares de Galiza a emigración escomenza aquí.

3. A ruptura social que se produce nos anos sesenta cando se pasa dunha economía agraria de autoconsumo a unha economía agraria de mercado coa despovoación do medio rural.

4. O uso electoral que fixeron os concellos dos montes veciñais en man común usandoos para gañar votos, cortando madeira para facer obras.

5. Cando os montes veciñais en man común son devoltos aos veciños, o binomio monte-aldea está roto, aínda que en moitos lugares acadaron unha dimensión de ben común, de ben social.

As causas que provocan o 98% dos lumes intencionados do noso país son diversas e non se dan as mesmas en todas

as zonas. A pesar de saber que os incendios son intencionados, a postura que mantén a Administración Autonómica é fatalista. Dá a entender que os lumes veñen no verán como veñen as chuvias e as xiadas no inverno. De ahí que só adiquen esforzos a faceta de extinción, esquencéndose totalmente da prevención, que é a faceta máis importante na loita contra o lume. De ahí que non se preocupa de analizar as posibles causas que producen os lumes e buscarlle solución. De ahí cos malos resultados sempre llos achauen a causas naturais: bo tempo, fortes ventos.

**É PRECISA UNHA MESA DE
TODOS OS AXENTES SOCIAIS
QUE ANALISE AS CAUSAS E
DESEÑE AS MEDIDAS A TOMAR.
ESTA MESA DO LUME NON
PODE ESPERAR MAIS, MAÑÁ
PODE SER TARDE.**

E mentras tanto, os montes seguen ardendo, indo a sociedade de derrota en derrota. E mentras tanto, estase destruindo un dos pilares para un desenvolvemento harmónico do noso País. Agora que xa pasaron os calores do lume, agora que a Consellería de Medio Ambiente xa deixou de bonbardearnos con estadísticas sempre triunfais, e hora de apagar os lumes forestais. O lume apágase no inverno se sentamos as bases.

Na análise das alternativas para erradicar os incendios forestais compre abrir un debate tranquilo, sosegado, con sentido. É preciso desde xá que a administración caia da burra da prepotencia onde está montada. É preciso sentar nunha

mesa a todos os compoñentes do sector agro-forestal (administración, partidos políticos, centrais sindicais, sindicatos agrarios, asociacións forestais, organizacións de comunidades de montes, e movemento ecoloxista).

O primeiro que esta mesa tería que analizar son as posibles causas dos lumes. Hipoteticamente podemos sinalar como causas:

-Conflictos estruturais (deslindes mal feitos, usurpacións, non prevalencia dos montes)

-Intereses encontrados (gando mostrego, venda de madeira queimada, caza, solta de animais para caza maior)

-Cuestións selvícolas (monocultivos de eucaliptos, desordenación das masas boscosas, non reforestación das masas queimadas)

-Problemas políticos (posibilidades de recalificar os terreos queimados, cambio de usos, fiscalidade, abandono no que ten o monte a Administración, aparición dunha industria do lume).

En segundo lugar o que tería que facer esta Mesa sería diseñar apuntes para:

- Un plan de ordenación dos montes, onde se contemple o tipo de arborado adecuado para cada zona, cos seus incentivos e prohibicións, e onde se revise a política de reforestación das terras agrarias.

- Un plan agroforestal onde se contemple os tres usos do monte, a promoción e consumo de produtos do monte como produtos de calidade, o aproveitamento da biomasa, e que conte coa opinión dos sectores interesados.

Esta Mesa do Lume non pode esperar máis, o monte e o País necesitan da súa análise. Mañá pode ser tarde.

EDITORIAL

Despois da resaca do número 24/25, retomamos a publicación de Cerna con certo retraso, pero co ánimo e a decisión de estar de novo con vós na primavera que se avexia. Foron moitos os temas que o ecoloxismo galego foi abordando, e que seguramente non terán o reflexo necesario neste número: desde a manifestación en Defensa da Terra de Xuño, a denuncia dos incendios de agosto, as diversas protestas contra a destrución da serra do Xistral no outono, até outras actividades divulgativas e formativas. Retomar a periodicidade é pois un reto que asumimos.

Non entanto, as cousas teñen mudado, e non para ben. Publicabamos entón unha entrevista ao recen estreado conselleiro de Medio Ambiente. A esperanza e ilusión que suscitou a creación da Conselleira do Ambiente xa foi queimada e anegada coa actitude do seu titular ante temas como eucaliptización, os incendios forestais, a falla de diálogo en relación coa instalación de parques eólicos, o visto bon a proxectos de duvidosa legalidade ambiental como o proxecto de encoro par ao Úmia, até a súa belixerancia cos proxectos comarcais de reciclaxe ou a paralización efectiva do Consello Galego de Medio Ambiente. Así as cousas, varios grupos ecoloxistas, incluída a Federación Ecoloxista Galega, non duvidaron en solicitar a dimisión do conselleiro e mesmo calificar a actuación da Consellería como paso atrás.

O TEU BUZÓN

AS CARTAS (DENÚNCIAS, OPINIÓNS, CRÍTICAS, PROPOSTAS DE ACCIÓN...)
DEVERÁN REMITIR-SE CORRECTAMENTE IDENTIFICADAS CON NOME, APELIDOS E D.I. AO
ENDEREZO DA REVISTA. (CERNA CONSIDERA-SE LIVRE PARA CORTAR OU RESUMIR
AQUELAS CARTAS QUE SE ESCEDAN DE 30 LIÑAS MECANOGRAFADAS)

ESTUDOS DE IMPACTO AMBIENTAL: IMPACTOS POR ENCARGO E Á MEDIDA.

Cando en Xuño do 1.986 o BOE publicaba por fin o Decreto 1302/1986 de Avaliación do Impacto Ambiental (trasladando así a Directiva 337/85 da Comunidade Económica Europea ao ordenamento xurídico do Estado Español) foron moitos os escépticos que, a vista da escasa sensibilidade ambiental e a actitude prepotente da Administración, pouco acreditaron na súa efectividade a corto prazo, en tanto non mudaran, por unha parte, a sensibilidade da Administración, e, por outra, a forza social da conciencia ecoloxista.

Exemplos hai nos que para nada valeron as denuncias e alegacións presentadas dende o ecoloxismo. No recente e escandaloso caso de DOÑANA, as distintas Administracións desouviron as moitas advertencias de grupos ecoloxistas sobre o estado da presa de Aznalcóllar. No encoro de ITOIZ, a pesar das alegacións, das denuncias e dunha sentenza en contra do mesmo, continúan as obras, co respaldo, ademais, do mesma Ministra de Meio Ambiente. A excepción, as Hoces do Cabriel, que se salvaron máis pola acción institucional do Goberno de Castilla La Mancha que polas alegacións, a presión e as accións ecoloxistas. Incluso no caso do Val de Leizarán, -tamén ameazado polas obras dunha Autovía-, pode que a memoria da inconclusa central nuclear de Lemóniz (paralizada á forza de goma dous) pesase máis que a voz e os argumentos da coordinadora ecoloxista.

ENCORO DO ÚMIA E PARQUES DO XISTRAL

No caso de Galiza, -a pesares de que a referida lexislación europea e estatal ten sido completada cos Decretos 442/1990 de Avaliación do Impacto Ambiental e 327/1991 de avaliación de efectos ambientais de

Galiza; a pesares da Lei 1/1995 de Protección ambiental de Galiza, por certo aínda non estrenada, e a pesares de termos constituída nesta lexislatura unha Consellería de Meio Ambiente-, os estudos de avaliación de impacto ambiental, máis que instrumento co que rexeitar proxectos, seleccionar alternativas ou impoñer medidas correctoras, teñen sido coartada ambiental coa que silenciar as conciencias e atallar reivindicacións. Como sinificativo e escandaloso exemplo ao respecto vaia o estudo de impacto ambiental do encoro do Umia, simplemente traducido ao galego (nen siquera adaptado) dende un estudo realizado para outro encoro en Andalucía.

NON TEMOS NOTADO CAMBIO DE TALANTE TRAS A CRIACIÓN DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE

Non é o único caso. Os estudos de efectos ambientais presentados polas empresas promotoras dos parques eólicos do Xistral, ignorando a existencia e a protección dunhas turbeiras de cobertor únicas en Europa, ou a actitude das Consellerías de Industria e de Meio Ambiente da Xunta de Galiza, pasando por alto as alegacións de grupos ecoloxistas, de veciños, do Coléxio Oficial de Biólogos ou da mesma Dirección Xeral de Meio Ambiente Natural, son un exemplo máis de que tais estudos de impacto non pasan de ser un novo trámite burocrático á engadir ao expediente do correspondente proxecto. Por máis que estas turbeiras de cobertor do Xistral estén protexidas pola Directiva 43/92 da Unión Europea e polo Real Decreto 1997/95 da lexislación estatal como "hábitats naturais prioritarios"; por máis que nas Serras do Xistral teñamos numerosas especies e endemismos igualmente protexidos como "especies prioritarias", os estudos de impacto presentados, -ignorando todo o anterior-, foron feitos para facer prevalecer os intereses privados das

empresas eléctricas sobre o interese ecolóxico, científico e social desta zona de turbeiras.

Outro tanto deberiamos dicir dos estudos de impacto ambiental do Plano de Resíduos Sólidos Urbanos da Xunta de Galiza. E aínda máis recentemente outro exemplo que, con evidencia absoluta, nos ilustra de como os estudos de impacto ambiental son feitos á medida e por encargo das empresas promotoras: o cambio de trazado da Autovía do Noroeste no treito Cereixal-Agüeira imposto pola empresa construtora NECSO (coa excusa de atender a unha razoábel petición no mesmo sentido do concello de Becerreá) no momento de iniciar a súa construción e en contra da Declaración de Impacto Ambiental aprobada e publicada no seu día (BOE do 6 de Agosto do 1993), a cal, en base ao seu maior impacto sobre o medio físico, xa desbotara o trazado que a empresa quere agora impoñer.

NEGADO O DIREIRO Á INFORMACIÓN

Nen siquera temos notado cambio de talante tras a creación da Consellería de Meio Ambiente: seguimos aínda hoxe agardando (dende o noso dereito legal á información ambiental) polo informe da Dirección Xeral de Meio Ambiente Natural no que esta mostraba a súa oposición á instalación de parques eólicos na Serra do Xistral e polo renomeado estudo de Felipe Macias (e colaboradores do Departamento de Edafoloxía da Universidade de Santiago) desmentindo que os parques eólicos do Xistral podan afectar ás turbeiras.

En suma, son poucas as garantías legais coas que facer valer as reivindicacións ambientais e moito é o que tén que avanzar a sensibilidade ambiental da Administración e da sociedade en xeral para podermos modificar esta actual situación na que os estudos de impacto se convirten en coartada, pretendidamente científica, coa que xustificar calquer proxecto.

Daniel Vispo (ADEGA-Lugo)

EUCALIPTIZACIÓN

O DIA MUNDIAL DO BOSQUE AUTÓCTONO (29 DE NOVEMBRO) ADEGA ORGANIZOU UNHA RUTA REIVINDICATIVA POR ALGUNHAS DAS ZONAS MAIS AFECTADAS

Cando unha causa, sexa a que sexa, tén un día do ano adicado a ela é síntoma inequívoco de que non está indo nada ben. Así é que hai día do traballador, porque sempre foi explotado; día da muller, porque en todas partes é marxina; día mundial da Paz, porque estamos dominados pola violencia de armas cada vez máis sofisticadas; etc., etc. Tal ocorre tamén no ámbito da ecología e por iso é que celebramos, entre moitos outros como o día Mundial do Meio Ambiente ou o día Mundial da Biodiversidade, este Día Mundial do Bosque Autóctono, ao que (por recomendación dun querido biólogo, ornitólogo e ecoloxista) preferimos chamar simplemente DIA MUNDIAL DO BOSQUE, porque evidentemente, -tal como nos tén correxido máis dunha vez-, se é BOSQUE só pode ser AUTÓCTONO: doutra forma sería un CULTIVO.

É evidente que, -cando por todas partes, de forma máis que acelerada, están desaparecendo os nosos soutos e carballeiras, sexa pola irracionalidade das concentracións parcelarias, pola presión das Celulosas, ou pola falla de conciencia ambiental na Administración-, non podíamos nós, neste DIA MUNDIAL DO BOSQUE, deixar de reivindicar unha maior protección para a nosa vexetación autóctona ou deixar sen denunciar a incontrolada eucaliptización de soutos, carballeiras, bosques de ribeira e de todo tipo de terras, -prados, hortas, monte ou labradío. A tal fin, unha vez máis, solicitamos da Consellería de Meio Ambiente UNHA URXENTE RECTIFICACIÓN desta Política Forestal e a posta en marcha dun atrevido Plan de Ordenación de Cultivos que poña fin a esta indiscriminada e incontrolada proliferación do monocultivo de eucaliptos.

Por outra parte, -continuando unha actividade que tiñamos xa empezado no verán e procurando con elo concienciar e chamar a atención da opinión pública-, contando cunha par-

ticipación de máis de vinte voluntarios, organizamos unha ruta reivindicativa polas zonas máis afectadas pola eucaliptización (dende Lugo á Terra Chá e dende aquí aos Ancares) na que repartimos máis de douscentos carteis e cerca de dez mil folletos nos que explicabamos os graves impactos ambientais derivados desta deforestación acelerada da nosa vexetación autóctona e algúns dos máis preocupantes impactos socio-económicos da eucaliptización. O enorme interese con que foi acollida esta ruta reivindicativa, -a que se sumaron voluntarios das distintas localidades como a do Grupo Ecoloxista de Meira-, ao tempo que nos dá ánimos para continuar vén a demostrar a tamén enorme preocupación social por esta eucaliptización e a reafirmarnos na necesidade de seguir presionando á Consellería de Meio Ambiente para que se poña fin a esta política forestal de graves impactos ambientais que só beneficia ás Celulosas.

Por sorte a conciencia é día a día maior, e grácias a ela xa son varios os concellos que houberon de aprobar unha ordenanza regulando as distancias entre plantacións de eucaliptos e outros cultivos. Pero, é aínda moito o que queda por facer.

MINICENTRAIS

AS PROTESTAS CONTRA AS MINICENTRAIS EXTENDEN-SE AO RIBEIRO

Practicamente concluídas as instalacións da minicentral do Barbantiño promovida por ENGASA, a pesares da forte oposición veciñal, dos decretos de paralización (o do concello de Maside aínda non levantado, pro tam pouco feito cumprir) e pendente da resolución dun contencioso administrativo que, vista a correlación de poder, é probable que os tribunais fallen a favor da empresa, o conflito trasládase mais cara o occidente ourensá, ás terras do Ribeiro. Xá está Benito Fernández, Xerente de Enerxías de Galicia SA (ENGASA) e testaferrero de poderes fácticos eco-

nómicos poderosos, soltando a súa consabida letanía de "que nos deixen traballar en paz", "nós estamos a favor do progreso", combinado coa súa campaña en prensa pagada e ameazas veladas aos que se resisten á expropiación forzosa "polo ben público". Ou sexa, dos de sempre, dos que se forran a conta de destruír os últimos ríos e regatos ceibes, imprescindibles para a conservación da fauna e da flora ripícola, nunha zona fortemente castigada por represas farónicas.

Esta volta vano ter máis difícil. A ubicación do río Brull nunha zona máis habitada, con poboacións importantes como Melón e Francelos, está a xerar unha intensa protesta que incluso pode traer consecuencias políticas importantes. Ás dúas manifestacións celebradas en cada unha das localidades acudiron máis de mil persoas, segundo a prensa oficialista. Os ánimos estaban alterados e os berros dun tono subido, instaban ás autoridades, tanto de Ribadavia como de Melón, a posicionarse contra os novos proxectos de dúas minicentrales no río Brull. A corporación de Ribadavia xa se pronunciou a favor dos veciños (aínda que lles foi recriminado ao grupo de goberno que hai pouco o fixese en senso contrario, no caso da minicentral de Prexigueiro no río Cerves e que patrocina HIDROGIESTA). Ao que lle espera unha precampaña para as municipais dura é ao alcalde de Melón. Se ben se decantou do lado dos seus veciños desde o balcón do concello ao remate da manifestación, veremos se dá mantido a palabra. ENGASA manobra ben en altas esferas do partido popular e o alcalde pode estourar politicamente no encontro destas dúas forzas de intereses totalmente contrapostos. Os de Francelos desconfían e están a promover unha candidatura veciñal que, dado o grande número de veciños do pobo, pode alterar a composición da corpora-



ción de Ribadavia e dar un xiro ás protestas contra as minicentraís. Visto o posicionamento contradictorio e confuso dos partidos que terían algo que decir neste tema nesta zona da provincia, polo gran número de proxectos que están en perspectiva ou xa feitos, os cidadáns de a pé pretenden tomar a iniciativa e defenderse por si mesmos. A Plataforma pola Defensa do Rio Brull e o grupo ecoloxista *Coto do Frade* de Ribadavia terán moito que facer na condución e resolución deste conflito satisfactoria para o medio ambiente.

Adega-O Carballiño está a apoiar aos veciños de Ribadavia e Melón coa presenza activa de socios nas protestas contra as minicentraís, e ao mesmo tempo estivo na recente fundación da *Comisión pro Saneamento do Arenteiro e Avia*, na que tamén están integrados os amigos de Coto do Frade, grupo de curta traxectoria temporal no mundo da ecoloxía e que xa ten feito cousas importantes e está a ampliar socios e campos de actuación.

Bernardo Garcia Novoa
(Adega-O Carballiño)

AUTOESTRADAS

O TRAZADO DA AUTOVIA POLO VAL DO NEIRA: UN MONUMENTO Á IRRACIONALIDADE.

O pasado 29 de Decembro, a pesares de ser o Día Mundial da Biodiversidade, abriase ao tráfico o treito Vilartelin-Cereixal da Autovía do Noroeste. Para os lectores de CERNA non necesitamos repetir os graves impactos deste trazado que discurre polas beiras do río Neira, - sobre pendentes superiores ao cen por cen, abrindo desmontes de máis de cuarenta metros de altura e erguendo muros de cemento e formigón a escasos metros do río-, para a continuación entrar no mesmo corazón do Val de Neira de Rei deixando sobre este estreito Val de apenas 400 metros de ancho un muro de terra, asfalto e formigón a escasos metros



dalgunhas das casas dos veciños.

Foron moitas as alegacións dos veciños de Neira de Rei contra deste trazado, E/D2, da Autovía. E non faltaron tampouco as dos grupos ecoloxistas, amparados, ademais, polo propio Estudo de Impacto Ambiental que recoñecía que, despois do tramo dos Ancares, este era o treito de maior impacto. Saben tamén os lectores de CERNA que neste treito o propio Estudo Informativo e o Estudo de Impacto Ambiental propoñían unha segunda alternativa de moito menor impacto, pero que foi de principio desbotada por resultar uns 4520 millóns de pesetas máis cara. Tal desprécio polo patrimonio natural do río Neira e dos vales de Neira de Rei e o Furco, -como se estas fosen mercancias que se adquiren no mercado da esquina-, provocou que iniciásemos, dende o mesmo momento no que se publica no BOE a Declaración de Impacto Ambiental e en colaboración cos veciños máis afectados e sensíbeis, unha intensa actividade encamiñada a conquistar do Ministerio de Obras Públicas o cambio de trazado. Foron, -até o momento de iniciárense as obras-, case catro anos nos que tanto na Asociación de Amigos do Val de Neira como en ADEGA non aforramos esforzos na procura de tal cambio de trazado. Mocións nos concellos, na Diputación e no Parlamento; entrevistas cos Alcaldes, co Gobernador Civil, co Presidente da Diputación Provincial, cos grupos parlamentarios e máis coa Demarcación Territorial de Estradas e Delegación Territorial de Obras Públicas; entrevistas en Madrid coa Dirección Xeral de Estradas, co Secretaría Xeral de Infraestruturas, coa Dirección Xeral de Planificación e coa Secretaría Xeral de Meio Ambiente; presentación no

Ministerio dunha modificación do trazado alternativo A, e, por último, denuncia ante a Comisión Europea polas deficiencias do Estudo de Impacto Ambiental e incluso ante o Contencioso-Administrativo. En suma, catro anos de traballo, que, á vista está, de nada teñen servido, senón foi para conquistar, -despois de moitas denuncias-, que a Empresa Construtora puxera un maior cuidado co vertido de escombros ao río e para agora, tratando de curarse da mala conciencia, presumiren todos, Empresa e Ministerio, do celo ambiental co que foron executadas as obras. Co seu muro verde (transitoriamente verde, engadimos nós) máis longo de Europa ou cos seus taludes de gunita disfrazada con diferentes matices de verde, Empresa e Ministerio están hoxe orgullosos de estar ante o treito máis ecolóxico da Autovía. Pero, ben ao contrario,

Ter o muro verde (transitoriamente verde) máis longo de Europa ven a ser a mellor confirmación dos graves impactos deste trazado da autovía. En tod o caso, o respecto polo medio ambiente había que demostralo cambiando o trazado.

LIÑAS DE ALTA TENSIÓN

DENUNCIAN GRAVES EFECTOS DAS LIÑAS DE ALTA TENSIÓN EN ANIMAIS

No transcurso dun magosto, o pasado outono, os veciños e veciñas de Merza deron a coñecer o seguinte Manifiesto:

“O presente manifesto ten como único obxectivo demandarlle á Administración da Xunta de Galicia que retire a variante de 400.000 voltios desta parroquia de Merza onde está a causar danos irreparables.

Segundo se desprende dos informes emitidos polo Instituto Karolinska de Estocolmo e mesmo da Organización Mundial da Saúde, as liñas de alta tensión deben pasar lonxas das vivendas, gardando pasillos de seguridade, para evitar os danos que causan no sistema inmunolóxico e o aumento do risco de cancro, especialmente de leucemias infantís, así como trastornos psicolóxicos.

Unha boa mostra de todo o expos-

to, é que en países da Unión Europea, tales como Alemaña, Suecia ou Holanda, estanse a retirar os tendidos das zonas habitadas, gardando un pasillo de seguridade de aproximadamente un metro por quilovoltio, e estase xeralizando o enterramento das mesmas. Mesmo en España xa están a retirar liñas deste tipo, así como transformadores, tal como sucede na Comunidade Autónoma de Madrid.

Un aspecto que está a causar medo e gran inquedanza entre os veciños é o feito de que se están producindo mortes de abellas e paxaros perto da liña, así como un aumento considerable de abortos e mortes en vacas que pacen perto do tendido, e todo isto dende a entrada en funcionamento da liña.

É a nosa demanda máis que xusta e razoable, pois ao tratarse da saúde das persoas debe ser prioritaria a actuación preventiva, e non dilatar mais o debate de se son perxudiciais ou non.

Esiximos a retirada da liña, pois non podemos seguir expostos máis tempo ao campo electromagnético como se fôxemos parte dun experimento das compañías eléctricas que antepoñen os seus intereses económicos ante calquera outra consideración."

(Merza, 14 de novembro de 1998).

XURÉS-GERÊS, PARQUE TRANS- FRONTEIRIZO?

A PLATAFORMA ECOLOXISTA LUSO-GALAICA REIVINDICA UNHA MELLORA NA XESTIÓN DESTAS ÁREAS, QUE SE VEN AMEAZADAS POR ENCOROS, MINICENTRAIS EN PROXECTO, NOVAS CARRETERAS E OS INCÉNDIOS.

A Plataforma Ecoloxista Luso-Galaica acha que a Consellaría do Ambiente da Galiza e o Ministerio do Ambiente de Portugal deben mellorar a xestión da área protexida transfronteiriza formada polo parque natural da serra do Xurés e o parque nacional da Peneda-Gerês (PNPG). A Plataforma Ecoloxista Luso-Galaica,

após unha reunión celebrada no PNPG, decidiu divulgar diversas críticas e propostas sobre o parque Xurés-Gerês.

O parque transfronteirizo do Gerês-Xurés apenas foi concretado na práctica. O fortalecemento da coordinación efectiva entre os parques galego e portugués é esencial para unha correcta xestión.

O plano de ordenamento do PNPG está a ser incumplido. O non acompañamento e monitorización deste plano favorece a deterioración da Peneda-Gerês.

A ameaza de construción de varias minicentrales hidroeléctricas no río transfronteirizo Castro Leboeiro aínda non foi definitivamente afastada, apesar de que contraria os planos de ordenamento dos dous parques.

O convenio asinado entre o Ministerio do Ambiente portugués e Electricidade de Portugal para recuperar o tramo do río Limia que discorre polo PNPG, cuase sen caudal por causa das condicións de explotación do encoro do Lindoso, é insuficiente e nen tan sequer está a ser cumprido rigorosamente.

Os incendios florestais seguen a degradar o parque transfronteirizo, como se volveu pór dramaticamente de manifesto durante o pasado verán. É preciso intensificar as medidas preventivas e promover en maior medida o aproveitamento ecoloxicamente sustentábel dos montes mediante a reforestación con especies autóctonas, a gandería extensiva e a apicultura.

Boa parte das accións promovidas polos parques galego e portugués dirixen-se a favorecer as actividades turísticas, moitas veces realizadas de xeito prexudicial para a natureza debido á falta de medidas de ordenamento e control axeitadas.

A construción da estrada IC28 polo val do Lima dividiría o PNPG en dous, o que pode ter consecuencias graves para a viabilidade futura da Peneda-Gerês como espazo privilexiado para a concretización de proxectos ambiciosos de conservación da natureza.

A Plataforma Ecoloxista Luso-Galaica está formada por diferentes organizacións ecoloxistas galegas e portuguesas, entre elas ADEGA, FEG e a Confederação Portuguesa das Associações de Defesa do Ambiente.

ENCOROS NO ULLA

FENOSA PRETENDE CONSTRUIR TRECE NOVOS ENCOROS NO RIO ULLA

O alto Ulla, nas inmediacións do actual encoro de Portodemouros de UNIÓN FENOSA, é obxecto dunha febre asulagadora por aparte desta empresa. Nada menos que trece novos encoros son proxectados de golpe, quizá aproveitando o absoluto dominio que Fenosa mostra hoxe sobre os poderes públicos deste país. As presas afectan aos concellos de Palas, Antas de Ulla, A Golada, Santiso, Lalín, Vila de Cruces, Touro, Arzua e Silleda. Os desniveis nas presas van desde os nove até os noventa e oito metros, e varios deles rondan os dez megavátios de potencia, o límite que a lexislación establece para que poidan ser tramitados como minicentrales e subvencionados como enerxías limpas.

FENOSA é a empresa titular do actual encoro de Portodemouros, o mais grande de Galiza-Costa, coñecido polo seu impacto sobre o río Ulla, causando a contaminación das augas e sérios problemas ecolóxicos derivados do manexo artificial e abusivo do caudal do río, que tanto pode ficar sen auga como pode sufrir unha inundación repentina, segundo os intereses económicos de FENOSA. Cos novos encoros, dez quilómetros de río augas abaixo de Portodemouros desaparecerían convertidos nunha sucesión de presas, xa que as colas de cada un dos tres encoros previstos nesta parte do río rematan na cabeceira do seguinte.

Outros aproveitamentos afectan a espazos de alto interese natural, tais como os sobreirais do Árnego incluídos na proposta para a rede Natura 2000; hai-nos que interfieren co abastecimento de auga ás poboacións, outros teñen incidencia no aproveitamento paisaxístico e de lecer, etc. En conxunto afectan a dinámica do río e dos ecosistemas asociados, e deterioran o futuro do río como fonte de recursos. Na consideración de que unha boa parte da enerxía eléctrica que se produce na Galiza é exportada fora, e que a única razón de ser deste proxecto é o interese económico de FENOSA, ADEGA rexeita-os na súa totalidade.

ENERXIA EÓLICA: MUIÑOS OU XIGANTES?

Xoán R. Doldán García. Dpto. de Economía Aplicada da Universidade de Santiago.

No Plano Enerxético da Xunta de Galicia, as actuacións en materia de enerxias renovabeis contemplan cousas tan variopintas como as centrais minihidráulicas, os parques eólicos, centrais de biomasa, ou a incineración de residuos sólidos urbanos. Segundo o plano, a enerxía necesaria destas fontes debe ser case triplicada para seguir a significar unha parte mínima (pasará do 12% ao 15%) da demanda final de enerxía dispoñíbel. A Xunta non contempla unha verdadeira política de aforro enerxético nen a substitución de non renovabeis por renovabeis. Simplemente aumentará a exportación e a dependencia enerxética e tecnolóxica.

Como tantas outras, a transformazón do modelo enerxético leva implícito unha transformazón radical do sistema produtivo, do xeito de se comportar as persoas na súa vida de todos os días; unha transformazón da sociedade que non pretenden os redactores da política enerxética do Estado Español ou da Galiza. O papel xogado polo noso país como subministrador de enerxía mantén-se, aínda que mudando algunha das súas faces. Pasamos da exploración dos grandes ríos e xacementos de carbón, à exploración doutros recursos enerxéticos (entre eles a enerxía eólica), à importación de enerxía primaria para logo exporta-la baixo outra forma de enerxía (particularmente a eléctrica), ou à simples obtención de produtos mercantis fortemente intensivos no consumo de enerxía para logo seren exportados.

Neste redescubrimiento da Galiza abastecedora de enerxía está o caso da enerxía eólica. As campañas de medición en detalle amosaron que o noso país era o de maior potencial eólico do Estado, pola incidencia dos ventos atlánticos que cruzan con dirección predominante suroeste-nordeste, en ambos sentidos segundo a situación meteorolóxica. Un potencial que estaría entre os 2000 a 3000 megavátios. Alguns estudos sobre enerxias renovabeis destacan un duplo problema no seu desenvolvemento: a necesidade de reforzamento das mallas eléctricas de Galiza, e a necesidade de incrementar (!) a capacidade de evacuación das liñas eléctricas de 400.000 Voltios que unen Galiza coa meseta ou con Asturias. Poderíamo-nos perguntar se os planos de mellora da rede eléctrica non terán que ver, entre outras cousas, coa necesidade de chegar a uns

lugares, os parques eólicos, caracterizados pola súa dispersión xeográfica e difícil acceso às redes principais, e dar saída así (evacuar?) ao exterior do país à electricidade obtida.

O Plano Enerxético da Xunta fala da posibilidade de chegar até os 1800 megavátios no ano 2010, aínda que xa están aprobados proxectos para parques eólicos, que de se construír, superarian os 2500 megavátios de potencia. Estas cifras son consideradas por alguns como desmesuradas, sendo posíbel que no 2010 non se superen os previstos no Plano Enerxético. Aínda así, consideremos como viábel eses 2500 megavátios de potencia, a enerxía obtida con esa potencia serían de algo menos de 5200 xigavátios-hora/ano, ou o que é o mesmo, algo menos de 450 mil toneladas equivalentes de petróleo (ktep). Pois ben, á situación à que chegaríamos despois dun esforzo tan considerábel de desenvolvemento dos parques eólicos sería que a enerxía eólica cubriría só un 6,5% do total das demandas de enerxía final.

A intención é duplicar a produción de enerxía eléctrica en Galiza, ou visto doutro xeito multiplicar por 2,5 a enerxía eléctrica exportada (obtida a partir de recursos propios, como a eólica, ou importados, como o carbón ou o gas natural). A construción de parques eólicos debe-se, pois, encadrar neste panorama. Trátase de obter máis enerxía eléctrica para consumir máis e para exportar máis. A substitución de renovabeis por non renovabeis non se vai dar e o aumento relativo das renovabeis queda en puro artificio matemático. Na verdade o que temos é que as demandas de enerxía primaria de non renovabeis van incrementar-se, como podemos observar no Cadro I.

Cadro I. Incremento da demanda de enerxía primaria previsto pola Xunta, en ktep.

Tipo de enerxía	Incremento 1995-2010
Carbón	458
Petróleo	1108
Gas Natural	1872
Hidráulica (1)	86
Renovabeis (2)	740
Total	4264
Total non renovabeis	3438
Total (1) + (2)	826

(1) Refire-se à enerxía obtida a partir de grandes encoros

(2) Refire-se à enerxía obtida a partir da eólica, minihidráulica, biomasa forestal e residuos sólidos urbanos

A pretendida descentralización que podería supor o uso de enerxias renovabeis pasa a se converter nun elemento máis de concentración, dentro das pautas normais do sistema económico capitalista. As empresas adicadas à comercialización do produto "enerxía" levan anos afondando nunha grande concentración empresarial, na que cada vez é maior a ligazón ao capital financeiro, e o tipo de enerxía a comercializar importa menos. As grandes (xigantes) transnacionais do petróleo están cada día máis presentes na transformazón de enerxía noutros campos. Desde os anos 70 estas compañías posúen a maior parte do negocio da enerxía xeotérmica, da enerxía solar ou a eólica, por non falar das enerxias convencionais (nuclear, carbón, petróleo...). Aquí é onde nos atopamos con outro aspecto importante: o acceso à tecnoloxía. Esta é maioritariamente extrañeira, de grandes transnacionais e financiadas, baixo a aparición dunha preocupación polo meio, con fondos públicos. Estamos diante dun elemento que aumenta a nosa dependencia tecnolóxica.

Porque do que estamos a falar é dunha produción de enerxía eólica a partir de parques enganchados à rede

eléctrica e non a outras posibilidades de aproveitamento enerxético apartir do vento, que poderían ir desde pequenas instalacións eléctricas de aproveitamento eólico para pequenas comunidades, até o aproveitamento do vento para o bombeo de auga ou outros.

Todo isto non debe levar-nos a renunciar à possibilidade de aproveitamento eólico, como de outros recursos renovabeis, pero dentro dunha alternativa mais global que vaia no camiño de mudar a estrutura produtiva e de consumo, verdadeiro xeito de limitar a creación de prexudiciais centros de

transformazón de enerxía. Esta alternativa supón renunciar ao suposto paraíso do consumo sen límites, adaptar a nosa vida a outro xeito de entender o ben-estar. Sen estes cambios podemos incorrer no espellismo de ver inofensivos muiños onde só hai xigantes.

EN DEFENSA DO XISTRAL

OS GRUPOS ECOLOXISTAS CONTINUAN A DENÚNCIA DA
INSTALACIÓN DE PARQUES EÓLICOS NA SERRA DO XISTRAL

Desde o pasado verán, ADEGA, ERVA, SOBREIRA e a FEG, veñen realizando diferentes actuacións de denuncia dos parques eólicos que se están instalando na Serra do Xistral, e dos novos proxectos en tramitación, que destruírán boa parte do valor ecolóxico e natural.

Segundo reconece a propia Xunta no documento de lugares a incluír na Rede Natura 2000, os montes do Xistral están cobertos de formacións vexetais hidromorfos de extraordinario interese botánico, constituindo no seu conxunto unha das zonas colinomantanas de carácter atlántico hiperhúmido mellor conservada de Galiza. O espazo incluído na proposta Habitat abarca 6.779 ha situadas entre os 480 e os 1040 m de altitude, estando o 86% desta superficie ocupada por hábitats naturais que figuran no Anexo I da Directiva 92/43/CEE. Trátase de catro tipos de hábitats que presentan todos eles o máximo valor (Valor Global A), e que inclúen: a) matogueiras húmidas atlánticas meridionais de *Erica ciliaris* e *Erica tetralix*; b) turbeiras activas de cobertor; c) matogueiras secas, e d) formacións con *Nardus*.

Outros cinco tipos de hábitats de interese ocupan superficies menores.

Ainda estando proposta para incluír na Directiva Hábitat, e figurando tamén como Biotopo Corine e Reserva Bioxenética, toda esta área carece dun plano de ordenación e manexo e figura de protección algunha. Ante os primeiros proxectos de parques eólicos a ins-

talar no Xistral, a Dirección Xeral de Meio Ambiente Natural (en novembro de 1997, aínda antes de crearse a Consellería de Meio Ambiente) calificara da seguinte forma o impacto ambiental que estes proxectos causarían nos valores da Serra: "que o impacto que as obras causarían sobre as denominadas turbeiras de cobertor é ignorado no estudo ambiental, que a acusada modificación da paisaxe que causaría a instalación dos parques é subestimada nos estudos e que as poucas iniciativas propostas non conseguirían contrarestar a distorsión paisaxística e moito menos o gran alcance espacial da mesma, polo que consideran a execución dos tres parques absolutamente incompatible coa conservación do hábitat característico da Serra do Xistral e Cadramón, como son as peculiares turbeiras de cobertor, únicas na Península Ibérica e que son hábitat de interese prioritario para a Comunidade Europea."

Estes proxectos tamén foron alegados por un elevado número de colectivos, ademais de trece expertos de diferentes áreas científicas relacionadas cos valores da Serra. Pero

finalmente as empresas eléctricas gañarian a batalla, e obtiveron da nova Consellería de Meio Ambiente unha declaración de efectos ambientais que permite a instalación dos proxectos solicitados. De novo, o profesor Felipe Macías da Universidade de Santiago, membro desde hai anos de SOGAMA e asesor da COTOP, e hoxe tamén asesor do conselleiro Carlos del Álamo, comprometeríanse a facer desaparecer (non se sabe se por máxía) os impactos negativos destes parques no Xistral e, contra os estudos antes referidos, facé-los compatíbeis coa perservación das turbeiras. Os ecoloxistas non acreditan no rigor dun estudo que se oculta mesmo aos grupos parlamentarios.

A polémica das instalacións eólicas non se limita ao Xistral, pois tamén están amiazadas as serras do Suido, Queixa, Pena Trevinca Faro e Larouco. Os grupos ecoloxistas mostran-nse convencidos de que se pode fomentar e desenvolver a enerxía eólica sen destruír aqueles espazos de maior valor, polo que reclaman unha ordenación racional da enerxía eólica, excluindo da súa ins-



Visita reivindicativa dos grupos ecoloxistas á Serra do Xistral despois de teren comezado as obras. Nen os estudos científicos contrários a estes parques nen as diversas actuacións reivindicativas, concentracións diante da consellería, paralización das obras, miles de sinaturas en contra... conseguiron deter os intereses eléctricos no Xistral.

talación as zonas de maior valor, e a revisión dos obxectivos do plano enerxético, que preve de forma simultánea fortes incrementos no consumo de enerxías fósiles. É necesario planificar en base ao interese común e non ao interese das empresas eléctricas.

eléctrica e non a outras posibilidades de aproveitamento enerxético apartir do vento, que poderían ir desde pequenas instalacións eléctricas de aproveitamento eólico para pequenas comunidades, até o aproveitamento do vento para o bombeo de auga ou outros.

Todo isto non debe levar-nos a renunciar à possibilidade de aproveitamento eólico, como de outros recursos renovabeis, pero dentro dunha alternativa mais global que vaia no camiño de mudar a estrutura produtiva e de consumo, verdadeiro xeito de limitar a creación de prexudiciais centros de

transformazón de enerxía. Esta alternativa supón renunciar ao suposto paraíso do consumo sen límites, adaptar a nosa vida a outro xeito de entender o ben-estar. Sen estes cambios podemos incorrer no espellismo de ver inofensivos muiños onde só hai xigantes.

EN DEFENSA DO XISTRAL

OS GRUPOS ECOLOXISTAS CONTINUAN A DENÚNCIA DA
INSTALACIÓN DE PARQUES EÓLICOS NA SERRA DO XISTRAL

Desde o pasado verán, ADEGA, ERVA, SOBREIRA e a FEG, veñen realizando diferentes actuacións de denuncia dos parques eólicos que se están instalando na Serra do Xistral, e dos novos proxectos en tramitación, que destruírán boa parte do valor ecolóxico e natural.

Segundo reconece a propia Xunta no documento de lugares a incluír na Rede Natura 2000, os montes do Xistral están cobertos de formacións vexetais hidromorfos de extraordinario interese botánico, constituindo no seu conxunto unha das zonas colinomantanas de carácter atlántico hiperhúmido mellor conservada de Galiza. O espazo incluído na proposta Habitat abarca 6.779 ha situadas entre os 480 e os 1040 m de altitude, estando o 86% desta superficie ocupada por hábitats naturais que figuran no Anexo I da Directiva 92/43/CEE. Trátase de catro tipos de hábitats que presentan todos eles o máximo valor (Valor Global A), e que inclúen: a) matogueiras húmidas atlánticas meridionais de *Erica ciliaris* e *Erica tetralix*; b) turbeiras activas de cobertor; c) matogueiras secas, e d) formacións con *Nardus*.

Outros cinco tipos de hábitats de interese ocupan superficies menores.

Ainda estando proposta para incluír na Directiva Hábitat, e figurando tamén como Biotopo Corine e Reserva Bioxenética, toda esta área carece dun plano de ordenación e manexo e figura de protección algunha. Ante os primeiros proxectos de parques eólicos a ins-

talar no Xistral, a Dirección Xeral de Meio Ambiente Natural (en novembro de 1997, aínda antes de crearse a Consellería de Meio Ambiente) calificara da seguinte forma o impacto ambiental que estes proxectos causarían nos valores da Serra: "que o impacto que as obras causarían sobre as denominadas turbeiras de cobertor é ignorado no estudo ambiental, que a acusada modificación da paisaxe que causaría a instalación dos parques é subestimada nos estudos e que as poucas iniciativas propostas non conseguirían contrarestar a distorsión paisaxística e moito menos o gran alcance espacial da mesma, polo que consideran a execución dos tres parques absolutamente incompatible coa conservación do hábitat característico da Serra do Xistral e Cadramón, como son as peculiares turbeiras de cobertor, únicas na Península Ibérica e que son hábitat de interese prioritario para a Comunidade Europea."

Estes proxectos tamén foron alegados por un elevado número de colectivos, ademais de trece expertos de diferentes áreas científicas relacionadas cos valores da Serra. Pero

finalmente as empresas eléctricas gañarian a batalla, e obtiveron da nova Consellería de Meio Ambiente unha declaración de efectos ambientais que permite a instalación dos proxectos solicitados. De novo, o profesor Felipe Macías da Universidade de Santiago, membro desde hai anos de SOGAMA e asesor da COTOP, e hoxe tamén asesor do conselleiro Carlos del Álamo, comprometeríanse a facer desaparecer (non se sabe se por máxía) os impactos negativos destes parques no Xistral e, contra os estudos antes referidos, facé-los compatíbeis coa perservación das turbeiras. Os ecoloxistas non acreditan no rigor dun estudo que se oculta mesmo aos grupos parlamentarios.

A polémica das instalacións eólicas non se limita ao Xistral, pois tamén están amiazadas as serras do Suido, Queixa, Pena Trevinca Faro e Larouco. Os grupos ecoloxistas mostran-nse convencidos de que se pode fomentar e desenvolver a enerxía eólica sen destruír aqueles espazos de maior valor, polo que reclaman unha ordenación racional da enerxía eólica, excluindo da súa ins-



Visita reivindicativa dos grupos ecoloxistas á Serra do Xistral despois de teren comezado as obras. Nen os estudos científicos contrários a estes parques nen as diversas actuacións reivindicativas, concentracións diante da consellería, paralización das obras, miles de sinaturas en contra... conseguiron deter os intereses eléctricos no Xistral.

talación as zonas de maior valor, e a revisión dos obxectivos do plano enerxético, que preve de forma simultánea fortes incrementos no consumo de enerxías fósiles. É necesario planificar en base ao interese común e non ao interese das empresas eléctricas.

O BIDUEIRO

UNHA RECETA PARA REXENERAR TERREOS MARXINAIS OU DEVASTADOS POLO LUME E A EROSIÓN

JACOBO FELJOO LAMAS

A PERFECTA ADAPTACIÓN DESTA FRONDOSA CADUCIFOLIA AUTÓCTONA A SOLOS ESQUELÉTICOS POSIBILITA A SÚA PLANTACIÓN NAS LADEIRAS DOS MONTES CON TERREOS DE ESCASA PROFUNDIDADE E DEGRADADOS POLOS LUMES, A EROSIÓN OU OS PROCESOS DE ACIDIFICACIÓN. UNHA ESPECIE QUE ENCAIXA COMO UNHA LUVA EN SOLOS DEGRADADOS DOMINADOS POR PIÑEIROS E EUCALIPTOS, COA VANTAXE ENGADIDA DE SOPORTAR MAIOR ALTITUDE. EN LUGARES HÚMIDOS CON FORTE EMPOZAMENTO PODE SER A ÚNICA ESPECIE PARA REFORESTAR XUNTO CO AMENEIRO

“Irmá” do ameneiro, a *Betula Pendula* Rothm, *Betula verrucosa* Ehrh. ou *Betula alba*, chamada vulgarmente Bidueiro, posúe unha madeira apta para a fabricación de mobles, carpintería de calidade, escultura e artigos deportivos. Unha madeira de febra recta e de gran fino, características que garanten unha materia prima revalorizada, xa que permite a elaboración de chapas e tablas. Para asegurar o uso dos pés de menor diámetro ou calidade inferior, a madeira tritúrase e transfórmase en taboleiros ou pasta de papel.

Ó tratarse dunha especie que de xeito espontáneo crece con excesiva espesura, cómpre tratar mediante cortas selectivas as masas naturais, diminuíndo a densidade eliminando bidueiros e deixando así espacio, nutrientes e luz ós que permanecen en pé para a corta final.

As melloras así feitas destas masas naturais revalorizan unha árbore cunha potencialidade de creación de riqueza non sempre evidente ós ollos da xente do rural. Nas masas de nova creación evitaríamos ese problema dende o inicio, facendo as plantacións xa de xeito sistemático cun marco de distribución amplo.

Estas actuacións e planificacións das masas forestais permiten multiplicar o valor económico e social da árbo-

re e do produto madeireiro sen alteralo seu valor ecolóxico, pois á natureza cústalle o mesmo facer unha tonelada de madeira de boas características que de malas

de malas e de caras ao seu aproveitamento, sendo o noso papel acadar mediante unha xuciosa intervención, planificación, control da densidade, podas, que sexa o máis valiosa posible. Os petos do propietario beneficianse dun maior prezo de venda pola maior calidade da madeira e a sociedade dispón dunha materia prima que xera un valor engadido de riqueza, emprego e posúe maiores posibilidades de transformación.

FÓRMULA DE RESISTENCIA

Unha especie, colonizadora frugal, resistente á acidez e ó empozamento estacional e necesaria da luz directa do sol é a pócima idónea para terreos de escasa fertilidade física e química. Unha receta máxica para restaurar solos de condicións extremas como escombresas estériles en explotacións de canteiras ou mineiras.

De xeito natural aparece principalmente en dúas localizacións, solos esqueléticos de montaña e localizacións ripícolas nas veigas, brañas e nas beiras dos ríos onde forma parte do bosque de galería xunto con ameneiros, freixos e carballos principalmente.

De cara á realización de plantacións produtivas habería tamén dúas localizacións lóxicas na nosa terra.

Unha sería en solos esqueléticos nas ladeiras dos montes en solos de escasa profundidade ou degradados polos




Foto: Xan G. Muras

lumes, a erosión ou procesos de acidificación. Sería o típico dominio das uces, piñeiros e eucaliptos aínda que o bidueiro podería subir máis en altitude. Por riba dos 500 m xa desplazaría ó eucalipto e por riba dos 900- 1000 m ó piñeiro do país. Por riba dos 500 m neste tipo de solos e que ademais tiveran problemas de hidromorfía engadidos, sería a opción máis lóxica xa que os piñeiros serían incompatibles coa



Foto: Pepe Salvadores

presenza da auga no perfil e o resto das frondosas precisarían mellores condicións xerais de fertilidade para acadar producións rendables.

A outra sería nas localizacións húmidas como brañas, onde se o empozamento é forte durante o período vexetativo pode chegar a ser práctica-

mente a única opción para forestar, xunto co ameneiro. Este mesmo caso daríase se o empozamento non fora tan riguroso pero houbera problemas engadidos de fertilidade, caso de prados pouco productivos, marxinais, xa que o carácter frugal do bidueiro e ameneiro permitiríalles medrar nesas condicións. Se a fertilidade fora boa ou o empozamento non fora tan forte existirían xa máis posibilidades de forestación con outras especies, freixos, carballos ou choupos, entre outras.

SELVICULTURA

O bidueiro comparte co ameneiro moitas similitudes ecolóxicas, ó pertencer ambos á familia das *Betulaceas*. Reprodúcese por semente e por gromos da cepa trala corta, pero non brota de raíz como outras especies. Ten follas alternas no ramilo, presenta flores masculinas e femininas no mesmo pé e posúe unha cortiza papirácea característica de cor branca que co paso dos anos se volta parda tirando á negra.

Lembrems que do millón de hectáreas abandonadas, sen ningún tipo de aproveitamento nin agrícola nen gandeiro nen forestal, que ten Galicia na actualidade, unha parte significativa sería susceptible de forestación co bidueiro e ameneiro, sacándoas así da marxinalidade e esterilidade e incorporándoas á creación de riqueza no medio rural, colaborando xunto á agricultura e a gandeiría, en terreos marxinais para as mesmas, a ter un campo habitado, e viable social e ecolóxicamente.



Foto: Pepe Salvadores

SELVICULTURA

- * Planta de viveiro dunha ou dúas saibas con garante de orixe e fitosanitaria.
- * Necesidade de insolación directa.
- * Densidades de plantación non inferiores a 1.100 pés/ha.
- * Conveniencia de aplicar podas e claras para mellorar a calidade da madeira.
- * Crecemento:
 - ** similar ó ameneiro se disfruta de auga abundante:
 - ** similar ó piñeiro do país se comparte localización en estacións secas e pobres.



- SEMENTES FORESTAIS
- PRODUCCIÓN DE PLANTA FORESTAL
- Especialidade en frondosas, castiñeiro híbrido, nogueiras, carballos
- PLANTA FROITERA ENXERTADA
- ABONOS ESPECIAIS E FITOSANITARIOS

PROXECTO DE ENXEÑERÍA FORESTAL

Xestión axudas Unión Europea.

SERVICIOS AGROFORESTAIS

PLANTACIÓNS FORESTAIS. ROTURACIÓNS AGRARIAS

TRATAMENTOS SELVÍCOLAS, MANTEMENTOS: limpeza, podas, abonados,

tratamentos fitosanitarios (pragas, enfermidades)



BOIBEL
FORESTAL

Pazo de Galegos 15686 Frades Tel.: (981) 19 91 68 Fax: (981) 19 80 44 e-mail: argoat@jet.es

O LOBO IBÉRICO NA GALIZA E NA PENÍNSULA SITUACIÓN ACTUAL



Foto: Tony Whittaker/C.R.L.I.

Texto: Pedro Alonso. Biólogo.

Nos últimos meses algúns meios de comunicación sensacionalistas, situados na esfera do mundo cinexético ou próximos ás posicións das administracións autonómicas máis inmovilistas, recolleron as opinións particulares de certos investigadores do lobo que afirman que a especie está en expansión. Estes meios, tomando-as como dogma incuestionábel, insisten na necesidade de cazar e controlar o lobo. Por se fose pouco, as afirmacións destes investigadores (entre os que salienta Juan Carlos Blanco)(1) dan pé para que nas diferentes administracións teñan máis apoios aqueles técnicos partidarios de basear a xestión da especie e dos danos que provoca só no seu control demográfico, evitando abordar o conflito socio-económico e o pagamento de compensacións.

Pero, en qué estado real se encontra a poboación ibérica de lobos?

ESTADO ACTUAL DA POVOACIÓN DE LOBOS NA PENÍNSULA E GALIZA.

A poboación de lobos que habita no noso país está distribuída tal como reflicte a Figura 1. Como se ve, o lobo está ausente de toda a periférica costei-

ra galega, agás no extremo noroccidental. Pero anos atrás, a especie estaba presente practicamente ao longo de todo o país.

Unha primeira aproximación á evolución da área de distribución do lobo na península fíxo-a Francisco P. Fonseca (2), que cartografou a evolución experimentada no caso de Portugal para o presente século. Para o estado español, Carles Vilà (3) describiu o proceso desde meados do século pasado até fins da década dos oitenta. A partir de ambos estudos, introducindo pequenas modificacións, elaboramos os mapas da figura 2. Podemos observar cómo a especie comeza a declinar no sul e no leste nos inicios do presente século e cómo no decorrer do mesmo vai desaparecendo de amplas rexións até se confinar no recanto noroccidental ibérico o grosso da poboación, restando uns escasos exemplares acantonados na Sierra Morena, entre a Andalucía e a Castilla-La Mancha, poboación que se considera actualmente no borde mesmo da extinción.

A primeira conclusión que se pode tirar destes dous estudos é que o fenómeno da redución territorial da pre-

séncia da especie na Península Ibérica foi un proceso constante, que aconteceu fundamentalmente ao longo do presente século e que non tivo nunca un receso ou unha reversión, de maneira que o lobo nunca recuperou territorios. Puido, iso sí, pasar por etapas de mellor ou peor saúde demográfica, e niso debeu influir bastante a guerra civil de 1936 - 39 e o período posterior. Pero a recuperación de áreas de cría nas que estivese presente o lobo a primeiros de século nunca se chegou dar ou, de existir, limitou-se a pequenas zonas moi localizadas.

Actualmente, o estudo da área de distribución do lobo ibérico podería dar lugar a unha división en varios sectores, tendo en conta criterios xeográficos e ecolóxicos. Esta división orixinaríase, segundo o apuntado en distintos estudos (ICN, 1997 (4); Grande del Brío, 1984 (5) e as nosas opinións persoais, os seguintes sectores:

1. Galaico; 2. Cantábrico (comprendería igualmente os lobos presentes nas montañas orientais galegas); 3. Cántabro-burgalés-palentino; 4. Luso-ourensano-sanabriense (que incluíría os grupos reprodutores de lobos presentes en Portugal ao norte do río

Douro, os das montañas ourensanas e os nucleos zamoranos); 5. Meseta; 6. Luso-salmantino; 7. Sierra Morena. No mapa da figura 3 reflíctese esta sectorización.

De igual forma, unha análise da área de distribución do lobo en Galiza considerando criterios xeográficos e ecolóxicos sub-dividiría en varios sectores os efectivos poboacionais galegos, tal como reflíctese o mapa da figura 1.

En qué basean as súas afirmacións os investigadores que falan de que o lobo recupera territorios e experimenta unha expansión demográfica?

A nivel do estado español, non existe ningún censo ou estima demográfica completa desde a realizada por encargo do ICONA (6) en 1.987-88 por unha equipa de investigadores. Desde ese ano, e realizados con rigor científico, só existen censos ou estimas de efectivos demográficos circunscritos a algunhas provincias, reservas naturais ou pequenas áreas xeográficas. Por tanto, na actualidade é imposible concluir algo sobre a expansión demográfica da especie respecto a 1.988, simplemente porque se carece de información total referida ao mesmo ámbito territorial con que se abordou o estudo mencionado.

Porén, podemos citar o aumento de efectivos na provincia de Valladolid (de 4 grupos reprodutores detectados en 1987-88 pasouse a 8 en 1998, segundo un traballo de L.M. Barrientos (7) e en Cantabria (3 grupos en 1987-88 e 5 en 1997) (8).

E sobre fenómenos locais de expansión, existen informacións fragmentares sobre presenza de lobos en áreas onde a especie desaparecera hai décadas. De algunha destas informacións poderíase especular coa existencia de asentamentos reprodutores a pequena escala, o cal significaría, efectivamente, o inicio da re-colonización de áreas desocupadas polo lobo moitos anos atrás. Estes asentamentos, acompañados ou precedidos por incursións de exemplares dispersantes que, procedentes dunha comarca próxima, acaban por fixar residencia, están a dar-se nas provincias de Araba e Nafarroa (Euskadi Sul) e Huesca.

O resto de observacións que poderían dar corpo á consideración da existencia dunha expansión territorial refírense a exemplares de lobos que foron abatidos ou observados a moita distancia da área de distribución regular da especie: provincias de Ciudad Real, Toledo, Madrid.... Algo que se leva rexistando desde hai décadas e que podemos entender que se debe a simples procesos dispersivos de exemplares xuvenís ou subadultos, capacitados para percorrer grandes distancias desde os seus lugares de orixe na procura de territorios desocupados onde poder reproducir-se.

Pola contra, considerando posibles sucesos regresivos, encontraríamolo nos por exemplo coa provincia de Zamora, onde se ten rexistado un descenso demográfico significativo. Esta provincia forma parte importante do que nós chamamos sector Luso-ourensano-sanabriense, o máis importante dos sectores en que dividimos a poboación ibérica de lobos e que constitúe, por expresa-lo de algunha forma, o seu "nucleo duro". Pois ben, segundo un censo realizado en 1996 (9), existirían nese momento 35 grupos reprodutores, dez menos que os contabilizados en 1987-88 no censo do ICONA.

Debemos considerar tamén as profundas lagoas de descoñecemento que existen en moitas áreas lobeiras: provincias de León, Burgos, Palencia, Soria... Neste sentido, vamos deter-nos un chisco en analizar o que acontece cos lobos galegos, que en 1987-88 constituían a terceira parte da poboación de





Figura 2: Evolución da área de distribución do lobo na Península Ibérica.

FIGURA 1



Área de distribución do lobo

Tipos ecolóxicos de lobos segundo os seus hábitos alimentares e a disponibilidad de presas:

- TE1 cabalos e vacas dominan na dieta do lobo
- TE2 a dieta está baseada sobre todo en lixeiras de porco e galiñas
- TE3 ovellas e cabras
- TE4 ungulados silvestres (corzo e xavariño)

Figura 1: Distribución do lobo na Galiza, tipos de alimentación e sectorización da poboación.



Figura 3: Diferenciación de sectores poboacionais Ibéricos.

lobos do Estado. Pois ben, no noso país existe un estudo, pagado pola Dirección Xeral de Montes e Meio Ambiente Natural, cun orzamento de 7 millóns de pesetas, que se encontra "secuestrado" nas dependencias dese organismo desde a súa entrega. Tan só se coñece dél a presentación pública de algúns dos seus resultados, que torpemente manipularon os responsábeis da Xunta. Ante a contundente resposta que isto provocou por parte dos grupos ecoloxistas, todo parece indicar que este estudo será definitivamente enterrado baixo as toneladas de documentos e memorias que a Consellería de Meio Ambiente encarga para ornamento do seu mobiliario. En calquer caso, e segundo o exposto en diferentes congresos nos que foron expostos os seus resultados, a metodoloxía empregada na súa elaboración carece de rigor e está desacreditada no ámbito especializado do estudo do lobo.

Para Galiza, por tanto, só dispomos de información actualizada no suroeste do país, onde se abordou un censo en 1997 (10) concluíndo a existencia de entre 8 e 11 grupos reprodutores. A superficie abranxada neste estudo constitúe basicamente o chamado sector 1 da actual área galega ocupada por lobos (ver Figura 1). Do que acontece nos outros sectores é-nos descoñecido, aínda que temos información parcial da existencia dun mínimo de 22 grupos máis (11).

Por tanto, atendendo aos estudos e traballos actuais, lonxe de nos encontrar fronte unha expansión territorial e de efectivos, temos unha re-colonización puntual en localidades situadas no extremo nororiental da área de distribución do lobo, e un reducido número de observacións de individuos dispersivos que non dan lugar a asentamentos reprodutores no centro ibérico. Se a isto lle engadimos que en outras zonas da península, como os extremos do suroeste e noreste galegos, o centro-este de Portugal e a Sierra Morena, o lobo está desaparecido ou case, e que existen vacíos territoriais no interior da área de distribución, onde a especie está ausente ou alcanza densidades

mui inferiores ás do seu entorno, teríamos que concluir rotundamente que non hai base científica para afirmar que o lobo experimenta nen unha expansión demográfica, nen muito menos xeográfica, e que mentres non se dispoña de informes detallados de toda a área de distribución ibérica, resulta estéril falar da evolución povoacional do lobo.

Se ademais disto consideramos que aínda están viventes os factores que provocaron ao longo deste século a redución territorial da súa presenza (furtivismo, transformacións do meio natural, abandono de explotacións de ovino e caprino...), agudizados en muitas áreas ou acrescentados con novas manifestacións como o desenvolvemento de grandes infra-estruturas de comunicación e feches progresivos de lixeiras de gando (ovino, porcino e avícola), teríamos de seguir a considerar a situación do lobo como delicada ou vulnerable.

Pero no que ao noso país respecta, cómo condiciona a realidade ecolóxica do lobo a problemática da súa conservación e, por tanto, os programas de xestión que se poderían aplicar e que hoxe son inexistentes, cando menos na Galiza?




Figura 4: Distribución porcentual das causas de morte de 109 lobos en Galiza no período 1990-97.
 TI: Tiro ilegal. A: atropelamento. BA: batida autorizada. V: veneno. Cc: Captura de cachorros.
 Ac: Accidente. L: Lazo. D: Descoñecida.

CONDICIONAMENTOS ECOLÓXICOS

A alimentación do lobo en Galiza.

Das informacións obtidas através dos estudos que temos realizado nos últimos anos en Galiza sobre o rexime alimentar do lobo, así como dos abordados por outros investigadores, concluímos que no noso país existirían

básicamente catro padróns diferentes de comportamento trófico no lobo (ver figura 1).

Por un lado, teríamos os lobos depredadores de ungulados silvestres como corzo e xavarán, que ocuparían as montañas orientais, alí onde a innivación e os frios do inverno imposibilitan desde hai miles de anos a existencia de cabalos e vacas bravas nos cumes e planaltos; un segundo tipo ecolóxico sería o constituído polos lobos depredadores do poni galego-portugués e outras variedades de cabalos bravos, e máis das vacas mostrenca, residuos do que en outros tempos constituirían os fatos de bóvidos primitivos (*Bos primigenius* / *Bison priscus*) da Dorsal Galega; un terceiro tipo serían os lobos que dependen basicamente dos rebaños de ovellas e cabras, principalmente distribuídos polos montes e chairas altamente humanizadas do oriente galego. Finalmente, naquelas zonas onde desapareceu ou é mui escasa a presenza de gando e ungulados silvestres, o lobo asumiu o papel dun simple "carroñeiro", que visita periódicamente as lixeiras das granxas de porcos, vacas ou galiñas.

Estes catro modelos ou tipos ecolóxicos de lobos non son excluíntes

entre sí, de maneira que é fácil que coexistan nunha mesma área, sendo común que os lobos depredadores de corzos ou xavaráns maten en tempos de escasez algunhas ovellas ou cabras, da mesma forma que os lobos que depredan nos poltros podan acudir esporádicamente ou nalgunha época do ano ás lixeiras.

Pero como se recolle na figura 1, hai áreas nas que o lobo manifesta unha predilección sinalada cara certos tipos de

alimento, dos que depende maioritariamente ao longo do ano, de forma que na xeografía galega podemos encontrar lobos máis ou menos conflituos social e economicamente que outros. Isto condiciona calquer programa de xestión da especie que se pretenda abordar, de maneira que para que un plano destas características teña éxito debe recoñecer, en primeiro lugar, esta realidade.

Habitats ocupados e corredores ou zonas de dispersión.

Como podemos observar na figura 1, o lobo está presente en grande parte do noso país, ocupando practicamente toda a dorsal galega e as súas derivacións cara o oeste (planalto de Ordes), as montañas cantábricas e as serras do sur do país (Queixa, San Mamede, Larouco...). Nelas encontra unhas condicións ecolóxicas variadas, que lle permiten sobrevivir con maior ou menor discreción, enfrentando un grao de persecución humana tamén variábel.

Nas áreas máis alteradas pola presenza humana, o lobo costuma estar ausente, de forma que xeralmente non existen grupos reprodutores asentados nos arredores das cidades e grandes vilas ou nas zonas onde o crecemento demográfico humano deu lugar a unha sucesión case continua de núcleos rurais e actividades industriais.

Iso non quita que poda haber lobos que se aproximen ás cidades nos seus movementos dispersivos, tratando de encontrar camiño cara outras áreas favorábeis nas que procurar alimento e compañía. Como exemplos recentes podemos poñer o caso dunha observación en maio de 1998, por M. Rodríguez Sobreira, amigo naturalista, dun lobo a 1.5. km. da catedral de Santiago, ou da loba morta en batida ao xavarrín o mes de novembro pasado en Labacolla.

A Dorsal Galega e, en xeral, toda a superficie máis ou menos montañosa de Galiza, favorecen que os lobos se despracen e dispersen evitando as áreas máis humanizadas. O refuxio que lles ofrezca as zonas forestadas e o alimento que podan encontrar en lixeiras, ou os animais domésticos, como cans, ovellas ou cabras, que podan matar, pero sobre todo a sorte de non encontrar-se cerca un ser humano armado, poderán permitir-lle asentarse nun novo territorio con dispoñibilidade de alimento e onde poder criar.

MORTALIDADE E PROBLEMÁTICA DE CONSERVACIÓN.

En Galiza non dispoñemos de fontes fidedignas que informen con certa exactitude sobre a incidencia real que ten o lobo sobre a gandeiría extensiva. Os partes oficiais son fragmentares e en moitos casos non diferencian entre

reses atacadas e matadas polo lobo e aquelas outras que, unha vez mortas por outras causas, foron devoradas por lobos.

En calquer caso, existen aproximacións de algúns autores que cifraron en 1069 poltros os matados polo lobo no ano 1971 (12) ou en 25-30 millóns de pesetas as perdas orixinadas polos ataques do lobo en 1988 (13).

Esta realidade económica, unida á




Figura 5: Incidencia da mortalidade de lobos causada polo home en diferentes grupos do suroeste de Galiza no período 1990-97 (N=47)

tradicional animadversión cara a especie, da lugar a un elevado e frecuente furtivismo do lobo, através de procedementos ilegais como as esperas, as batidas agachadas (legalmente vai-se polo xavarrín ou o raposo pero o obxectivo real é o lobo), os lazos e cepos e os venenos. Se a isto lle engadimos as mortes que se producen anualmente por atropelamentos, claramente en alza debido ás recentes inauguracións de varios tramos de autovías, temos que a mortalidade do lobo debida á acción do home pode ser un factor importante que chegaría a condicionar a viabilidade dos grupos familiares asentados nas áreas máis conflictivas.

Na figura 4 reflíctese a distribución porcentual das causas de morte de lobos en Galiza no período 1990-97. Na figura 5 vemos a incidencia destas mortes sobre diferentes grupos familiares presentes no suroeste galego. De entre os grupos reprodutores, os do Cando, Candán e Suido son os que suportan a maior incidencia de persecución polo home, sendo grupos asentados en áreas de gandeiría extensiva de vacas e cabalos. O grupo do Saldoiro presenta os valores máis baixos de mortalidade e ocupa un área sen gandeiría extensiva, sobrevivindo

principalmente do consumo de animais mortos en granxas e abandonados no monte (14).

En función do conflito social que orixinan e da resposta humana, podemos especular que os grupos de lobos do suroeste galego poderían apresetar valores de mortalidade invernal que irían dun 20 a un 60 % dos exemplares existentes nun grupo a fins do verán.

Sen dúbida, isto é resultado da "delegación de competencias" que a administración galega responsábel ten efectuado "en favor" das comunidades rurais afectadas polo lobo. Argumentar que a autorización de batidas e agardos pode servir de analxésico do descontento social e de factor neutralizador ou amortecedor da persecución furtiva é insistir nunha política que fracasou tan rotundamente como outras políticas ultra-proteccionistas.

Debemos plantear seriamente a ordenación e regulación de certos sectores, como o da gandeiría extensiva, favorecendo sempre ás comunidades rurais dunha localidade fronte aos propietarios foráneos, frecuentemente en situación irregular, e procurando fórmulas de potenciamento da rendibilidade, partindo a priori do recoñecemento desta actividade como un beneficio social e ecolóxico. E inevitábelmente debemos transformar en profundidade o sector cinexético, caracterizado tradicionalmente por unha profunda e hermética ignorancia.

Asentadas estas bases, un programa de xestión da especie articulado en información actualizada sobre efectivos de lobo existentes, danos económicos ocasionados, posibilidades de mellora dos aproveitamentos, casuística dos ataques..., podería abordar con éxito a conciliación dos intereses dos gandeiros e a conservación do lobo. Isto último cremos que necesariamente debería pasar polo pagamento de compensacións económicas aos afectados.

Bibliografía citada:

- (1) BLANCO, J.C., 1998: La extinción del lobo en España. Crónica de un fraude científico. Rev. Biológica, 26: 56-59.
- (2) FONSECA, F.P., 1990: O lobo ibérico

(Continua) Pasa a páxina 21



O SEÑOR DA FRAGA, EN CUESTIÓN

Texto: Pepe Salvadores

Foto: Grupo Tichodroma

DAS MISERIAS DO LOBO ÁS SUAS APORTACIÓNS Á HUMANIDADE.

Estamos a falar da especie máis con-flictuosa da nosa fauna, do animal que provoca máis polémica; xera perdas económicas, e por tanto, odios, temores, resentimen-to, anguria,...E, ó mesmo tempo, máis ben en outra xente, desperta admiración, respecto, curiosidade... A polémica, apaixonada, está servida.

Desde que o home domesticou animais para seguir prosperando como especie, topou de fronte cun cobrador de tributos in-desexable, o lobo. O animal é listo, pero non sabe distinguir moi ben onde acaba o alimento natural e onde empeza a propiedade privada sobre os seres vivos; e isto, a pesar dos anos e dos escarmentos. Envenénano, póñenlle trampas para matalo ou muti-lalo, quítanlle os fillos, esfólano,... pero non da asimilado o da propiedade da carne sobra. Ten claro que hai que apartarse do home pero non pode evitar, sobor de todo cando anda es-fameado e llo pide o corpo e máis o instinto, catar

un prato tan doado como son as bestas medio fatas que o home cría con tanto aprecio. E isto non é o peor: o que máis enerva é que, se ten ocasión, unha vez que comeza coa repañota de animais, que non saben ou non poden



fuxir, o lobo transfórmase nun carnicero que non para ata que as forzas o abandonan. (Ás veces parece mesmamente que alguén o puxera neste

mundo para amolar os gan-deiros).

Pero non todo son miserias. Hai un conto que fala de aliviar o reuma cos untos do lobo; eu desto non estou moi certo, pero do que si estou seguro é de que hai que ser agradecidos, e o lobo xa fixo a súa aportación á humanidade (van aló 100.000 anos). A súa dote foi excepcional, non ten precio: del saíron todos os cans, que tan útiles resultaron e resultan para o xénero humano, pois serviron e serven para facer a vida máis levadeira. Tal contribución do lobo debería ser máis que sufi-ciente para non pagarlle co seu exterminio, pero é que, ademais, hoxe, nos ecosis-temas nos que está presente segue a cumprir funcións de grande interese: labor sanita-ria, impedindo que animais enfer-mos ou cadáveres contaminen ou transmitan enfermidades; labor selectiva, pre-dando sobre os animais con taras que cohabitan con eles en estado salvaxe; labor de limpeza, comendo carroñas e vasuras tan abondosas nos nosos montes; labor de control sobre outras especies que provocan danos, como o xabarín, o corzo, o raposo, ... (É ben

seguro que a praga do porco bravo sería moito máis virulenta se o lobo non eliminara os xabaríns que todo o



Rastro dun lobo na serra de Queixa.

invaden; e ¿quen axuda a controlar os centos de cans abandonados, cans asil-vestrados que tanto dano poden causar?. Porque coñecido é o odio que o lobo manifesta polos cans). Pero é que ademais (¿quen o ía pensar?) do lobo aprovéitase o mexo: en Suecia (Universidade de Umea) conseguiron reproducir no laboratorio orina de lobo, oloroso material para determinados animais, que convenientemente situado nas beiras das estradas, espanta a renos, alces, corzos,... evitando así os accidentes de vehículos debidos a atropelos. Así as cousas, quen sabe se mañán, con imaxinación e investigación, non descubren nos ollos das lobas sustancias propias para maquillaxes irresistibles, ou se no intestino dos lobos non atopan moléculas que impidan as úlceras (el que tanta vasura come).

Aínda sen discutir as vantaxes citadas, poderíase argumentar que aqueles países que xa non disfrutaban da súa "bendición" o levan marabílosamente, gozando dunha próspera economía; pero hai que ter en conta que eles tiveron a súa propia dinámica de desenvolvemento nun momento concreto, cando todo o que non fora industrial e intensivo era sinónimo de atraso e miseria. Hoxe as circunstancias cambiaron, e considerando o tema natural na súa vertente máis economicista tífrase a conclusión de que o bravío vende: ¿Como, se non, fan gas-tarse tantos cartos e esforzos na reintrodución do oso en Cataluña?. Está clarísimo que con

osos os Piri-neos valen máis.

E os beneficios que pode reportar o lobo non só han de ser indirectos. Sin entrar na vidrosa polémica de chegar a converter o lobo en peza cinexética e pagar por ela cantidades astronómicas, (como se fai en algúns lugares), non está lonxe o día -porque xa o fan por outras latitudes-, en que o mismísimo oubido do lobo xenere ingresos. Teño o convencemento de que na nosa terra habería xa xente disposta a pagar para que un experto oubeador nos conducira ó lugar recollido onde a manada responda á súa chamada. (Os expertos "lobishomes" xa os hai aquí e os lobos contéstalles-; somentes hai que agardar a que esta práctica non convirta ós guías en sospeitosos nin se descolguen as escopetas ipso facto).

CONVIVIR COS LOBOS: HAI SOLUCIÓNS

O lobo non da aprendido que o gando non é para el e, sen embargo, parece obrigado conservalo. A solución máis inmediata semella doada: se é un ben público, paguemos entre todos os danos que produce, como pagamos os con-vites proto-colarios. Pero na realidade o problema complícase por diferentes causas: os gandeiros non o queren ver nin asomarse polas súas posesións; o lobo, que é un moicante, non se resigna a campar nos espazos protexidos (son reducidos e non teñen alimento suficiente); os da Administración, que son os reponsables de manter os recursos naturais, miran para outro lado agardando que o problema non arme demasiado escándalo (e como só cando é moito autorizado batidas, hai veces que os gandeiros toman a xusti-



Foto: F. Alonso

Cachorro de lobo morto a tiros en Rairiz.

za pola man). Os naturalistas, ecologistas, e boa parte da poboación esixen compensacións xa. O que apenas sería unha carga para o erario público, dado o despilfarro existente, desvíase aducindo argumentos tan peregrinos como que indemnizar polos danos ¡podería dar lugar a picares-ca!(1).

O certo é que a solución non é fácil cunha Administración que non toma partido decidido pola conservación, cuns hábitats deterioradísimos, cunha capacidade humana para a mobilidade e o exterminio nunca superadas (só cazadores hai máis de 80.000), cunhas áreas de protección escasísimas, con amplas vías de




Foto: F. Alonso

Foxo de lobos na serra do Xures

comunicación que aflan as poboacións lobeiras, con pistas e pistañas que penetran nos lugares máis afastados,... Todo parece sumarse para que o último e único gran carnívoro que queda da nosa ar-ruinada fauna sobreviva nesta nosa terra, onde os seus habitantes, en condicións moitísimo máis precarias, sopor-taron os ataques do lobo cando sí producía danos nas facendas de gravísimas consecuencias para as familias.

Son demasiados factores adversos e o tempo corre na súa contra. Con indemnizacións polos danos causados non chega; urxe un acordo entre a Administración, que ten que correr cos gastos; os gandeiros, que son os que padecen por manterlle a despensa; os ecoloxistas, para facer de avogados do díaño; os cazadores, que invisten cartos e tempo en batir fauna; e científicos e técnicos, con estudos rigorosos de viabilidade, control de animais problemáticos, etc para apostar con imaxinación pola xestión da especie. O que inclúe, entre outros

aspectos, o de promover campañas de concien-ciación que sirvan para sensibili-zar a poboación de cara a manter e mellorar os espazos naturais cos inquilinos de seu, así como para que o lobo recupere o pres-tixio perdido despois de tantos anos de calunias e mala prensa (2). Ou se toman medidas urxentes ou perderemos o animal máis emblemático da nosa fauna salvaxe sin atenuantes que o xustifi-quen.

harmonizar os intereses dos propieta-rios afectados coa supervivencia da flora e fauna que ocupa o seu espacio natural.

O Convenio Internacional sobre Biodiversidade celebrado en Río (ano 1972 da nosa era) fai referencia a que a necesidade de conservación de especies responde non só a razóns ecolóxi-cas senón tamén económi-cas, habida conta das esperanzas postas nas espe-

toda evidencia, adquire maior valor.

Pode que haxa quen aínda cuestione se é moralmente aceptable preocuparse por lobos ou cabras cando hai xente que padece fame ou miseria. Esta cues-tión queda zanzada se nos facemos outra pregunta no mesmo senso: ¿Debemos conservar tanta mámoa, castro ou igre-xa románica cando cos cartos destinados a tal fin poderíanse cubrir moitas necesidades? A resposta e obvia: Sabemos que temos que pre-servar tódolos patrimonios: cultural, natural, económico,-etc.; e, ademais, aquí e agora, non estamos na textura de que conservar unha mámoa impli-que familia que non come, ou de ata-que de lobo fame na casa. Plantexalo así sería pura demagogia. Se nos refe-rimos ós famentos do mundo, todos sabemos que sería bastante inxenuo pretender solucionalo deixando arruí-nar o noso para axudar con esmolas a aqueles necesitados, por moi glo-bali-zadas que estean hoxe as economías e os poderes. A estratexia ecoloxista de que pensando no global debemos actuar localmente parece do máis acer-tado; faríamos, cando menos, un ridí-culo lamentable se es-tiveramos cen-trados na defensa das selvas tropi-cais e deixáramos arruinar os nosos últimos bosques. A nós cor-respóndenos a res-pon-sabilidade de salvar carballos e lobos; outros terán que apandar, ás veces en condicións bastante máis pre-carias, con selvas ou elefantes. Xuntos nos atoparemos nesta loita for-zosa-mente solida-ria, xa que, tanto a nivel ecolóxico como social, os sementado-res da detrucción son os mesmos: os grandes devorado-res de pedras, ani-mais, plantas, homes e de todo aquilo que se inter-poña no seu obxectivo de acumular fortuna e poder.



Poltro atacado por lobos (Testeioro).

O DEBER DE CONSERVAR A BIODIVERSIDADE

Hoxe hai principios que xa non son cuestionables: a esclavi-tude, a equipa-ración de dereitos home-muller, a con-servación da biodi-ver-sidade,... Outra cousa é o modo en que se efec-tivizen na práctica estes axiomas. Pero é xa raro atopar xente que aber-tamente defenda a total extinción dun ser vivo, aínda que non é difícil encontrar, en lugares onde unha especie cause tras-tornos, sobre todo económicos, que os afectados pidan a total erradicación do problema, en detrimento , como case-que sempre, do máis débil (nestes casos, da especie causante da molestia, sexa animal ou vexetal). Os que se sin-ten perxudicados reclaman que alon-xen o problema para que o aturen outros, ou, sendo xenerosos, que se creen reservas adecuadas onde teorica-mente non molesten a ninguén (estou-me a referir non só a grandes e moles-tos mamífe-ros senón a carballos, por exemplo). Os conservacionistas, natu-ralmente, tratan de buscar saídas para

cies de fauna e flora para solucionar problemas de alimen-tación, enfer-midades ou enerxéticas. As especies son unha fonte de riqueza e conser-valas non e só unha obriga por es-tética, ou por cariño a animalíños ou plantas: é unha obriga coas futuras xenera-cións, ás que temos que legar-lles o patrimonio que chegou ata nós, patri-monio que por ser natural non deixa de ter relevancia, e que, día a día, con



Foto: P. Alonso.

Autovía das Rías Baixas (Alto das Estrivadas).

NOTAS:

1.-Neste país, con ladróns multimillonarios de "guante blanco", no que o fraude a Facenda é xeralizado e ascende a centos de millóns, pónense rigorosos cando á picaresca redúcese a porlle precio a unhas ovellas ou a un xato.

2.-Como exemplo de mala prensa a do "gracioso" columnista Carlos Luis Rodríguez, que sempre gustou de maltratar ó débil e que adicou, en varias ocasións, o seu espacio a tentar de ridiculizar ós movementos ecoloxistas; referíndose ó lobo e ás solicitudes de compensacións, burlábase da posibilidade facendo o chiste de se pretendían no-mealos funcionarios -por cobrar da Ad-ministración-.

Ven da páxina 17.

- (Canis lupus signatus Cabrera, 1907) em Portugal. Tese de Doutoramento. Faculdade de Ciências da Universidade de Lisboa. 392 pp.
- (3) VILÀ, C., 1.993: Aspectos morfológicos y ecológicos del lobo ibérico Canis lupus L. Tese de Doutoramento, Departament de Biologia Animal, Universitat de Barcelona. 299 pp.
- (4) INSTITUTO PARA A CONSERVAÇÃO DA NATUREZA, ICN, 1997: Conservação do lobo em Portugal. Relatório final, Lisboa, 231 pp.
- (5) GRANDE DEL BRÍO, R., 1984: El lobo ibérico. Biología y Mitología. Ed: H. Blume. 344 pp.
- (6) BLANCO, J.C., L. CUESTA e S. REIG (eds.), 1990: "El lobo (Canis lupus) en España. Situación, problemática y apuntes sobre su ecología". ICONA, Madrid, 118 pp.
- (7) BARRIENTOS, L.M., 1998: Estudio de las poblaciones de lobo ibérico en la provincia de Valladolid, 1998. Junta de Castilla-León. Informe inédito. 51 pp.
- (8) BLANCO, J.C. e CORTÉS, Y., 1997: Estudio aplicado para la gestión del lobo en Cantabria. Universidad de Cantabria. Informe inédito.
- (9) VICENTE, J.L. e YANES, T., 1997: El lobo en Zamora: distribución, demografía y estado sanitario. Veterinaria y Fauna Salvaje, (1): 25-46. De.: Colegio Oficial de Veterinarios de Zamora. ISBN: 84-920259-2-1
- (10) ALONSO, P., AGULLÓ, M., SIERRA, P., de la TORRE, F.G. e SÁNCHEZ, M., 1998: Censo de efectivos reproductores de lobo no suroeste de Galicia en 1997. Evolución experimentada no periodo 1990-1997. Informe inédito. 91 pp.
- (11) Información propia inédita
- (12) IGLESIA HERNÁNDEZ, P., 1971: Los caballos gallegos explotados en régimen de libertad o caballos salvajes de Galicia. Tese de Doutoramento inédita.
- (13) BÁRCENA, F., 1.990: El lobo en Galicia. pp. 11-18 In: Blanco, J.C., L. Cuesta e S. Reig (Eds.) "El lobo (Canis lupus) en España. Situación, problemática y apuntes sobre su ecología". ICONA, Madrid, 118 pp.
- (14) ALONSO, P., SIERRA, P., de la TORRE, F.G., AGULLÓ, M., e SÁNCHEZ, M., 1998: Non natural mortality of the Iberian Wolf in Galicia. Comunicación presentada no 1st Euro-American Mammal Congress, Santiago de Compostela, 1998.

É OBRIGADO DEVOLVERLLE O CRETO Ó LOBO

A verdade é que o teñen fácil os difamadores, pois o lobo reúne unha mancha de características que o fan favorito para gañar calquera competición de malvados:

-É intelixentísimo, para ser bicho: basta con comparalo cos cans, que son coma lobos en estado infantiloides e, segundo numerosos/as admiradores/as, poden, fora a alma, semellar persoas. ¿Ata onde non chegará o lobo, como adulto deses cans? (Por non falar dos lobos "resa-biados", matreiros, dos cales se contan astucias que xa resultan inverosímiles).

-Pódese afirmar que o lobo rexeita a proximidade da xente (sabe que ten as de perder), e non ataca a persoas aínda en situacións límite, como cando lle manipulan as camadas. Pero parece ter habido algún caso en que provocaron a morte de persoas, o cal, sendo moi grave, non deixa de ser situación rarísima, a bon seguro protagonizada por animais con algunha anormalidade.

-Ten o desagradable costume de dar sustos á xente. Non parecen estar moi claras aínda as razóns, pero é sabido que ten acompañado a viandantes nocturnos por escuras corredoiras e camiños, deixando notar nidiamente a súa presenza (sabor de que era dono da situación) e provocando sobressaltos espantosos.

-Pode estar doente e transmitir a que foi terrible enfermidade, a rabia.

-A súa mirada, digna e penetrante, que pode confundirse coa dun perverso asasino, pode producir apreñión, desacougo ou a-braio.

-En situacións extremas de acorralamento ou ferido pode mostrar unha ferocidade e unha forza nas queixadas que, aínda que sexa só de referencias, produce terror.

Se a todo anterior engadimos o seu peor defecto, que é o de non respectar a propiedade privada e de producir perdas económicas, e temos en conta que nin tan siquera ten valor culinario, o lobo reúne todos os atributos para ser reo.*

Identificouse o lobo co demo (lembrar o Pastor apacentando o rebaño), anatemizouse, e desde ese momento todo o que se fixera en


contra del estaría permitido. E así, en moitas áreas do mundo occidental, adou-trina-dos dende nenos con contos estremecedores, sufriu, durante séculos, persecución e morte ata o exterminio.

O lobo merece un respecto

Outras culturas e, particularmente, as que non basearon a súa existencia na domesticación de animais, tiñan e teñen polo lobo gran admiración, ata o punto de telo incorporado ós seus mitos. E no noso país, a pesares de perderse no tempo a persecución e os contos cheos de maleficios, as xentes das aldeas onde de sempre estivo e está presente o lobo, son suficientemente tolerantes (mantendo as distancias) como para consideralo un elemento máis do seu medio. Son estas actitudes as que temos que manter e recuperar

na procura de que cada vez máis poboación se sume a defensa deste gran predador, señor das fragas, intelixente e, por misterioso, fantástico. Para que as xeneracións vindeiras poidan seguir manténdoo como fonte de inspiración e amecendo contos, lendas e historias as xa existentes na nosa cultura. E para que poidan disfrutar dunha natureza equilibrada e xeradora de riqueza nun mundo menos agresivo e máis harmonioso co seu medio natural.

Curiosamente, nestes momentos, os animais que por diversos motivos están expandíndose cara zonas de onde desapareceran hai anos e que producen danos na gandería ou na agricultura (e non entran a formar parte da dieta humana) son animais malditos, atribuíndose a súa presenza a poderes alleos e escuros que llos mandan como praga. E ¿que hai máis escuro que a Ad-ministración? ¿ou máis alleo cós ecoloxistas? Ambos os dous levan as culpas de adicárense á solta de esquios, culebras ou lobos, segundo se afirma tallantemente entre a xente do rural pesie a ser absolutamente falso; pola contra, nunca se di o mesmo de corzos ou xabaríns que, como os anteriores, están en expansión e causan destrozos, pero que se poden meter no arcón. (As explicacións populares á expansión de especies é cuestión digna de afondar nela).



CAMIÑANDO POLO MORRAZO: “O CARBALLAL DE COIRO”

Texto: Juan A. Tomé (Grupo “Luita Verde”) Luís M. Pérez (Asoc. “O Carballal”)

Fotografía: Xan G. Muras

Bruxas voando ao redor do campariño da igrexa de Coiro, aquelarres nos areas de Rodeira, Cangas invadida polos turcos, a batalla de Randê ... ¿Como empezar?... ¡Ah, xa está! Os achádegos do Paleolítico, Neolítico etc... expostos no museo de Pontevedra, as ducias de mámoas e petroglifos espallados por toda a comarca, ou, mellor, comezar falando dos numerosos castros: “Monte da Croa”, “Rigueiriño”, “Castro de Aldán” de “Cividá”,

Non. ¡Non pode ser!

Demasiadas ringleiras necesitaríamos para contar o pouco que sabemos de todo iso.

Centrémonos, pois, no tema que nos trae aquí: os espazos de interese natural e ecolóxico do Morrazo, sen esquecer, por suposto, do noso rico patrimonio histórico e cultural, do que iremos dando as necesarias pinceladas segundo o roteiro proposto.

Os amantes da natureza disfrutamos de lugares como a enseada de San Simón e marismas de Vilaboa, cabo Udra, o espazo natural protexido de cabo Home, costa da Soavela e dunar de Nerga-Barra,...

Hoxe propoñemos unha rota que nos levará a percorrer os máis fermosos lugares do Carballal e Fraga de Coiro, un dos bosques que, coma reliquia do pasado, perdura no corazón da península. Asemade subiremos ás zonas altas, desde onde poderemos disfrutar de excelentes vistas da comarca e das rías.

Dentro deste angustioso mar de eucaliptos que inunda os montes do Morrazo, o Carballal de Coiro é un arrecife de vida e cores; de beleza. Declarado Espacio Natural Protexido,

conta cunha superficie aproximada de 365 Has. localizadas nos lindes dos concellos de Bueu, Cangas e Moaña. A pesares das continuas agresións a que se ve sometido, (talas indiscriminadas de especies autóctonas e introducción de eucaliptos e piñeiros principalmente), merece a pena unha inmersión polas profundidades desta exquisita arboreda, unha sucesión ou mestura de bosques e árbores que se estende máis alá da zona inventariada como protexida. Falamos das carballeiras de Cela en Bueu, Pastoriza en Marín, as de Broullón ou o río da Fraga en Moaña.



- 1.- Enseada de San Simón e marismas de Vilaboa.
- 2.- Cabo Udra.
- 3.- Costa de Soavela, cabo Home e dunar de Nerga-Barra.
- 4.- Carballal de Coiro.

A ROTA DO CARBALLAL

A rota discorre por camiños sombríos e frescos na maior parte, con algúns tramos algo dificultosos pola abundancia de maleza. Non hai sinalización, polo que deberemos seguir con atención as indicacións dadas neste roteiro (ver o croquis na páxina seguinte).

Comezamos o camiño no “Igrexario de Coiro” (1). Igrexa barroca de 1784 situada nun outeiro dende o que se domina unha ampla panorámica da ría de Vigo. As pezas máis importantes

desta igrexa son unha ara prerrománica e un chapitel visigótico con decoración de follas en dúas ordes. Antigo cemiteiro no adro e casa rectoral anexa.

Sae o camiño por detrás da igrexa. Subimos entre casas deixando unha fonte con lavadeiro, á dereita, e máis adiante, un camiño que sae pola esquerda, cara unhas casas (2).

Seguimos de fronte, polo camiño que sube, e chegamos a un depósito de auga (3). Deixámolo á dereita, e nada máis superalo, apartámonos do camiño que sube para coller un carreiro que sae pola esquerda. Por el nos adentramos na fraga pasando por diversas instalacións de captación de augas, algunhas moi antigas.

Este vai ser o noso primeiro contacto coa fraga. Aquí descubriremos as carbaileiras onde a árbore dominante é o carballo (*Quercus robur*). Acompañan a esta, árbores autóctonas como o castiñeiro e a cerdeira, e outras aloctonas, nesta mancha en concreto abonda a falsa acacia (*Robinia pseudoacacia*).

Loureiros, sanguíños, estripeiros, ... son algúns dos arbustos que forman parte do sotobosque, sen esquecermos da xilbarbeira (*Ruscus aculeatus*) especie que forma a asociación vexetal que define cientificamente as nosas carbaileiras co nome de *Rusco aculeati-Quercetum roboris*.

Baixo esta cuberta vexetal viven distintas especies de flora e fauna que nutren de vida estes bosques. Paxariños coma os pimpíns, ferreiriños, gabeadores; aves de rapina diurnas coma o azor, gabián, miñato; nocturnas coma a avelaiona ou o moucho de orelas, a curuxa, son algúns dos representantes da avifauna.

Entre os mamíferos citamos a pre-



sencia do raposo, xabarán, teixugo, xeneta, esquío, ... ademais da comunidade de roedores e micromamíferos como os musgaños.

Pasado o río (4), o camiño afea e baixa. Observamos a notable diferenza que existe entre o bosque autóctono que deixamos atrás, e este monte inzado de eucaliptos. Seguimos as marcas de rodas de tractor ata divisar diante do camiño un grupo de casas, "Carballal". Cen metros antes de chegar ás primeiras (5), tomamos un camiño que sube pola dereita. Sae en ángulo contrario, non se ve facilmente. (Se o pasáramos, poderemos subir entre as casas: baixar pista asfaltada. Na casa nº 8, carreiro á dereita. Na casa nº 34, subir á dereita. Saír por carreiro angosto entre viñedos.)

A 20 m. do final do camiño, atopamos unha fonte con estanque, no medio dunha área de repouso, "Os Lagos". Despois de refrescarnos e recuperar forzas, voltamos ao camiño. Poñéndonos fronte ao caño da fonte, imos polo que sae cara á dereita, que seguiremos sen coller ningún desvío de baixada.

De aí a pouco pasamos por "A Coviña" (7). Fonte, estanque, repoboación de bosque autóctono. Todas estas intervencións que atopamos, como as zonas recuperadas ou repoboadas con especies autóctonas por onde iremos pasando, débense á constante e loable labor de moitos anos xa, da Xunta de Montes dos Veciños de Coiro.

Continuamos polo mesmo camiño, despois de cargar as cantimploras, pois agárdanos unha longa subida. Só temos que poñer atención nunha curva pechada á esquerda (8), onde quizais as pernas nos queiran levar polo camiño horizontal que temos ao fronte. Seguimos subindo pola pista ata chegar a outra máis ancha. Aí tomamos á dereita.

O son do río anúncianos a presenza das "Fervenzas do Río Bouzós". Neste punto collemos río arriba para facer a R.C, e a R.B. Continuamos a pista, para facer a R.A. En calquera caso, é obrigado disfrutar da maravilla que a natureza nos ofrece neste lugar, ata uns cen metros río arriba.

Observamos aquí cambios na vexetación. A beira do río ocúpanna principalmente amieiros e salgueiros. Miramos tamén bidueiros, algún que outro freixo e varias especies de fentos e outras plantas como o couselo (*Umbilicus pendulinus*). Estas e outras especies forman o chamado bosque de ribeira, que asociado aos

cursos de auga e lugares encharcados está formado por unha flora e fauna que precisa da humidade para o seu desenrolo. Entre a fauna cabe subliñar a presenza da saramaganta



(*Chioglossa lusitanica*), endemismo do noroeste ibérico ou a toupa de río (*Galemys pyrenaicus*) outro endemismo de difícil observación.

Subimos pola esquerda do río (10). Nunhas árbores caídas, cruzamos á dereita. Nalgún tramo, camiño e río comparten percorrido. Ao atopar de fronte un grande amieiro de tres troncos, cruzamos á esquerda e subimos, deixando xa o río. Seguimos este camiño que deixa veigas á dereita e monte á esquerda. Estamos na chan de "Esperón".

Chegamos a un cruce de camiños (11). Pola dereita, R.B: seguimos sen desvíos ata Área de Repouso "Pousa das Cruces".

Pola esquerda, R.C: subida a Ermelo. Subimos sen desviarnos, disfrutando deste tramo de camiño, profundo, sombrío, unha das poucas reliquias que foron respetadas polas excavadoras onde podemos imaxinar, ¿quizais escoitar?, os vellos carros de bois laiándose da súa pesada carga. Chegamos á pista asfaltada. Nas primeiras casas, temos o camiño que baixa á dereita, á fonte (12).

Percorremos a aldea de "Ermelo". Un vello núcleo rural que segue a manter todo o encanto de tempos xa pasados. O primeiro asentamento de vida monacal na Península do Morrazo aparece vinculado xa no século VI ó priorato de Ermelo, de fundación beneditina. Aquí morou na primeira metade do século XVIII o frade Martín

Pelagio, do que se contaba que acudía ás xuntanzas das meigas cando a campá da igrexa de Coiro soaba soa os sábados ás doce da noite. Foi condeado pola Inquisición «después de ser juzgado por el delito de brujería y manifestas prácticas hechiceras».

Como resto do antigo mosteiro, queda algún muro da casa prioral e unha igrexa á advocación de Santiago Apóstol, emprazada, posiblemente, no lugar dun vello templo románico do que só quedan vestixios da porta e arcos semicirculares. Sufriu restauración total de muros e cuberta. Os muros e bóvedas son do século XIX. Chapiteis de tipo barroco do século XVIII.

Non deixamos "Ermelo" sen disfrutar da vista do "Miradoiro da Esculca". A pequena subida que aínda queda, ben vale a pena. Nun día claro, quedamos abraidos ante a vista, que abarca dende o cabo Silleiro ata o cabo Finisterre.

Para seguir a rota voltamos á fonte (12). Dende aí, a 200 m. pola pista

asfaltada e pasada unha curva, tomamos camiño á dereita. Non é fácil explicar o camino por aquí. Hai varios cruces e algúns camiños anegados de auga. Hai que ir subindo e gañando a dereita. Podemos seguir marcas de bicicletas. De calquera xeito, anque sexa cun pequeno rodeo, chegamos sen dificultade a unha chan, no alto, sen arborado. Buscamos unha antena cara ao sur. Ao lado unha cruz de madeira.

Estamos no "Miradoiro da Cruz do Xestoso" (13) dende onde contemplamos a ampla panorámica do val de Moaña e da Ría de Vigo, coas fermosas illas Cíes na súa boca. Logo podemos choutar polos enormes penedos de todo este lexendario monte "Paralaia". Segundo unha das moitas lendas, hai aquí tres pedras-iguais que di a tradición que corresponden a tres princesas mouras encantadas. O que se sinta valente pode desencantalás se vai ás doce da noite de San Xoán, ... ¡e non se asusta de nada do que mire!

Dende aquí comezamos a baixada, por ancha pista, e de seguida chegamos

ao "Pouso das Cruces" (14). Área de repouso na que conflúen a R.B e a R.C. Segue o camiño baixando pola pista ata chegar a unha explanada con fonte e estanque (15) onde conflúen varios camiños. Collemos pola pista da dereita e non tardamos en ver, algo apartado á dereita do camiño, un grande e redondo penedo: a "Pena de Coiro".


É este outro dos lugares ricos en lendas. Algunhas falan de xuntanzas de bruxas que na noite de San Xoán danzan arredor da peneda ou de luces que se ven na Noiteboa. Outra di que as rochas deste lugar abríanse e aparecía unha virxe peiteándose e cantando. Toda persoa que a escoitaba dirixíase enfeitizada cara a fenda. Quen lograba adentrarse, endexamáis voltaba. ¡Vaia con ollo o camiñante!

Chegamos a outro cruce de tres pistas (16). Aquí conflúen a R.A e a R.C. Seguindo a pista que baixa, chegamos á "Área de Espiñeiro". Fonte, mesas, repoboación de bosque autóctono.

A baixada para o Igrexario de Coiro, quedou un pouquiño atrás. Na curva anterior a Espiñeiro (17), nun claro, sae o carreiro de baixada. Por este e máis abaixo, atopamos un desvío á esquerda que non tomamos. Chegamos ao depósito xa coñecido (3) e desandamos o camiño inicial ata o Igrexario.

Descansamos e comentamos satisfeitos, os avatares da longa camiñada, mentras disfrutamos da vista que ata o mar nos ofrece o fermoso val de Coiro.

	ESTRADA
	ROTA
	ROTA ALTERNATIVA
	OUTROS CAMIÑOS
	RIO
	IGREXA
	POBO
	ÁREA DE REPOUSO
	FONTE
	MIRADIRO



DESCRIPCIÓN XERAL DA ROTA

Dificultade media.
Cartografía de apoio: Mapa Topográfico, 1:25.000, folla 223-I: Cangas

Alternativas:
A rota completa (R.C), é circular con comezo e remate no Igrexario de Coiro. Compre dispoñer do día enteiro. Hai variantes para facer en medio día (R.B / R.A). Temos outras rotas posibles se partimos de Ermelo.

Lonxitudes e tempos aproximados: (sen paradas)
R.A : 5 Km. 2 horas.
R.B : 6,5 Km. 3,5 horas.
R.C : 8,5 Km. 5 horas.

Altitudes:
Igrexario-Coiro 120 m.
Ermelo (Pobo) 360 m.
A Esculca de Ermelo 400 m.
Cruz do Xestoso: 445 m.

Consellos:
Levar calzado para auga e pantalón longo. (Mato espiñento)
Non perder de vista ningún membro do grupo. Pódese perder.
Non debemos alterar o silencio do bosque, as plantas e animais, os cultivos, ... e se podemos deixalo todo algo máis limpo do que estaba, mellor para todos.

A BECACINA

UNHA ESPECIE A CONSERVAR

Francisco Arcos e Rafael Salvadores

A Becacina (*Gallinago gallinago*) é unha especie de limícola, pertencente á familia *Scolopacidae*, e que se distribúe a nivel mundial ó longo do continente europeo e Siberia. En Galicia coñécese tamén como Cabra de Aire, polo ruído que fan as plumas externas da cola ó rozar co aire cando, en época de reprodución, se deixa caer en picado dende gran altura.

É unha especie abundante en época invernal, xa que Galicia recibe aves procedentes de Europa. Así nesta época atopámola en multitude de medios enchoupados, dende veigas e beiras de lagoas e encoros, até ríos e marismas costeiras. Non é doado sen embargo observala pousada; a maioría das observacións corresponden a aves que levantan diante nosa e que, tras un curto vó zigzagante e emitindo un agudo reclamo, vólvense perder entre a densa vexetación palustre.

A poboación nidificante da especie en Europa estímase en torno ás 830.000 parellas, distribuídas fundamentalmente por Finlandia, Península Escandinava, Islandia e Illas Británicas.

A Península Ibérica constitúe o límite meridional da súa área de distribución europea, estando distribuída por León, serras de Gredos e "La Paramera" no Sistema Central, e Galicia e norte de Portugal. Nesta

época é unha especie moi escasa e localizada, estimándose un total de 200 parellas, das que 100-150 corresponderían a Portugal. Se cuantitativamente esta poboación ibérica é pouco significativa no contexto continental, ten un evidente interese bioxeográfico.

Se nos centramos na poboación galega, limítrofe coa portuguesa, constitúe probablemente o único núcleo reproductor estable peninsular, se ben está a sufrir nos últimos anos unha notable regresión, tanto en efectivos como en localidades de reprodución, feito que xustifica a súa inclusión no catálogo de aves nidificantes ameazadas en Galicia.

Na comarca da Limia asentábase o núcleo reproductor máis importante da especie, sen cuantificar, e desaparecido tra-la desecación da lagoa de Antela. A pesares deste feito irreparable, mantívose unha pequena poboación reproductora nas beiras do río Limia ó seu paso polo concello de Trasmiras, desaparecida a principios da década dos 90 pola continuidade dos traballos de concentración parcelaria.

Durante os anos 1994-1996 aborouse un estudio para coñecer a poboación e distribución das becacinas nidificantes en Galicia. Os resultados foron desalentadores, rexistrándose a especie en tan só dous humidais da provincia de Ourense, no val do río Salas, pobo-

ación limítrofe coa portuguesa.

Aínda que non se pode descartar a nidificación esporádica da especie nalguna outra localidade, o tamaño actual da poboación pode estimarse entre as 15-30 parellas.

O hábitat de reprodución seleccionado son veigas e lameiros por riba dos 800 metros, que manteñan un elevado grado de asulagamento durante o verán. Este tipo de medios son especialmente susceptibles neste país de seren transformados en praderías ou simplemente concentrados, cun alto coste económico e ambiental, ó seren zonas cunhas oportunidades agrogandeiras moi concretas e limitadas, case sempre desatendidas e desaproveitadas.

A conservación desta especie atópase probablemente nun momento crucial; extremadamente sensible a calquera tipo de alteración do seu hábitat, durante a temporada de cría de 1996 a veiga da Boullosa (Baltar), a localidade máis importante, sufriu un proceso parcial de concentración parcelaria, que afectou notablemente á hidroloxía do espazo, e á poboación de becacinas reproductoras.

A Consellería de Medio Ambiente, a pesares de dispoñer da información necesaria, segue sen implicarse dun xeito efectivo na protección destes enclaves, limítrofes co Parque Natural da Baixa Limia - Serra do Xurés.

FICHA TÉCNICA

- * Densidade de parellas reproductoras: 0,6-14 / 10 ha.
- * Posta: finais de abril - xuño
- * Poñen, de 2-6 ovos (normalmente 4)
- * Incuba só a femia
- * Os ovos son postos a intervalos de 1 día
- * Tempo de incubación: 18-22 días
- * Niño ubicado no chan
- * A eclosión dos ovos é simultánea
- * Os pitos son activos nada máis eclosionar, valéndose por sí mesmos ás poucas horas
- * Productividade: 1,65-3,5 aves / parella / ano
- * 10 reprodución: ó 1-2 anos de idade
- * Mortandade anual: 47-65% da poboación total
- * Ave de máis idade coñecida: 12 anos e 4 meses
- * Aliméntanse de miñocas e insectos




Ilustración da G. A. E. EU. / Arthur Singer

BIBLIOGRAFÍA

1. ARCOS, F.; ORTIGUEIRA, J.; SALVADORES, R. & SOLÍS, L. 1995. Las concentraciones parcelarias acaban con las áreas de cría de las agachadizas. *Quercus* 114: 46.
2. ARCOS, F. & GIL, A. (compiladores). 1998. Catálogo de aves nidificantes ameazadas en Galicia. IV Congreso Galego de Ornitología. Grupo Erva.
3. DOMÍNGUEZ, J.; ARCOS, F. & SALVADORES, R. 1995. Aproximación al estado actual de la población de Agachadiza Común (*Gallinago gallinago*) nidificante en Galicia. III Congreso Galego de Ornitología. Oleiros 7-10 de decembro.
4. DUBOIS, P.J. & MAHEO, R. 1986. Limicoles nicheurs de France. Ministère de L'Environnement; Ligue Française pour la Protection des Oiseaux; Bureau International de Recherche sur les Oiseaux d'eau. Itom s.a., Marennes.
5. PIERSMA, T. (compiler) 1986. Breeding waders in Europe: a review of population size estimates and bibliography of information sources. *Wader Study Group Bull.* 48. Suppl.: 1-116.
6. RUFINO, R. & NEVES, R. 1991. Snipe on Wet Grasslands in Portugal. *Wader Study Group Bull.* 61. Suppl.: 31-32.

O AGRO GALEGO DE 1900 A 1936

UN DESENVOLVEMENTO AGRARIO NA MEDIDA DAS NECESIDADES DOS LABREGOS

L. Fernández Prieto e X. M. González Vilas

Dpto. de Historia Contemporánea e de América. Universidade de Santiago.

O cambio técnico constitúe un dos eixos centrais no desenvolvemento contemporáneo. Antes dos cambios dos anos sesenta, vinculados ao que se coñece como revolución verde na agricultura mundial, xa se produciron nas décadas anteriores á guerra civil importantes mudanzas de carácter técnico na agricultura galega. No camiño de formular propostas para un desenvolvemento agrario que rache coas negativas consecuencias medioambientais e sociais que provoca o actual modelo de cambio técnico resulta necesario reparar noutras formas posibles de materialización das innovacións. O proceso que aquí presentamos ten lugar no pasado pero sabemos que é no presente e no futuro no que se atopan as razóns para alentarmos formas de produción máis respetuosas co medioambiente; mais resulta necesario dar conta e tirar leccións de como no pasado se deron procesos de transformación productiva socialmente controlados dentro dun equilibrio entre as necesidades reproductivas e as productivas, entre autoconsumo e especialización para o mercado, entre o lecer e o lucro, entre o oficio herdado e a innovación; mantendo os labregos a capacidade para seleccionar aquelas innovacións que os benefician e rexeitando outras. Unha parte desa lóxica segue presente na agricultura galega e aínda hoxe pode perderse ou pode recuperarse.

O CONTROL SOCIAL DO CAMBIO TÉCNICO POLOS LABREGOS.

De 1890 e 1936 confórmase un modelo de cambio técnico na agricultura mundial definido polas melloras mecánicas (pero de moi limitada motorización), a comercialización de adubos químicos e minerais e un conxunto de innova-

cións biolóxicas que afectan aos cultivos e aos gandos. A fortaleza dos labregos que en Galicia empezan daquela a acceder á propiedade plena da terra vailles permitir beneficiarse dos cambios. Igual que amortiguaron o efecto negativo que para eles puideron ter as reformas liberais do século XIX, con estratexias para conservar os montes dos veciños e non perder o control das labranzas, procuran agora unha forma de materialización da innovación diferente, nas súas consecuencias e na súa xestión, á daquelas agriculturas onde predomina a grande explotación ou a moi especializada e dependente do mercado.

Este pequeno produtor parcelario dono de seu, conducirá socialmente a transformación da estrutura productiva da agricultura galega e protagonizará ata o presente a especialización gandeira característica da agricultura galega no século XX. Estas casas ou explotacións materializaron un conxunto de cambios; a maioría das veces asociadas nun feixe de



Foto da G. E. G. / Enrique Banet

sindicatos e sociedades agrarias que son á vez instrumento de adaptación nunha perspectiva productiva e síntoma de adaptación dende una perspectiva social, ao

seren capaces de articularse e ocupar unha posición propia no seo da sociedade civil contemporánea. Esta fortaleza, repetidamente resaltada polos historiadores, permitíralle aos labregos convertírense no único suxeito da innovación e articulárense socialmente para adaptárense cos menores costes ás esixencias que impón o desenvolvemento do mercado despois da crise agraria de fins do XIX.

As consecuencias deste proceso de transformación son coñecidas. Datos recentes demostran o enorme incremento do produto agrario galego entre 1900 e 1930, moi superior á media española, así como unha redución do emprego de terra e traballo agrícola por unidade de produto superior no conxunto da agricultura galega ás agriculturas españolas.

As innovacións introducidas pola pequena explotación na Galicia anterior á guerra civil buscan millorar a produción sen modificar as características sustantivas dos sistemas agrarios vixentes, atendendo a antigas lóxicas productivas e reproductivas que pouco ou nada teñen que ver coa lóxica dunha explotación agraria totalmente dependente do mercado. As innovacións seleccionadas atenden en termos xerais a tres orientacións coherentes coa lóxica histórica da pequena explotación agraria familiar: a) aforro de traballo: alivio das tarefas máis intensivas en traballo; b) avance na intensificación coa introducción de innovacións en fertilizantes, sementes e prácticas de laboreo; c) mellora na produción gandeira; a de melloras garantías de acceso ao mercado. Como afirma daquela V. Villanueva o labrego non adopta ningunha innovación que non sexa capaz de mercar, manexar ou empregar; esa é en substancia a lóxica á que atenden as innovacións.

AS INNOVACIÓNS EN MAQUINARIA E UTILLAXE

As innovacións en maquinaria e utillaxe para a preparación do cultivo e do produto adquiren importancia despois da primeira guerra mundial, favorecidas polo inicio da produción española de instrumental agrícola moderno, que fai posible a compra a precios máis asequibles e, o que resulta máis importante, unha oferta adaptada ás necesidades concretas da produción na pequena explotación.

Segundo os datos disponibles, en 1932 Galicia reúne porcentaxes importantes de maquinaria e apeiros modernos respecto do total de España, que denotan a existencia dun agudo proceso de innovación: 35% dos arados de desfonde, 13% dos de vertedeira xiratoria, 22% dos motores de gasolina e o 16% das máquinas de mallar. Predomina a combinación do vello e o novo instrumental en función das necesidades concretas de cultivo e que os medios tradicionais amosan unha grande flexibilidade: incorporación de elementos de ferro aos arados de cada zona, adaptación local polos ferreiros de arados modernos e merca de arados de fabricación industrial. A difusión do arado Brabant de dobre vertedeira (11.000 vendeu a casa Ajuria de 1928 a 1936) demostra como a elección tecnolóxica está condicionada polos intereses e posibilidades do sistema agrario campesiño: usáronse preferentemente para romper montes durante a febre roturadora que segue á súa privatización e mesmo para a agricultura de rozas.

Esta singularidade do proceso innovador obsérvase millor na malla, que constitúe, na agricultura galega anterior á guerra civil, o ámbito máis completo de renovación da tecnoloxía agraria, acadándose un nivel de mecanización máis intenso que nas rexións cerealeiras españolas clásicas. Esta elección tecnolóxica amosa como a selección de innovacións polas pequenas explotacións en Galicia non responde estritamente a criterios de racionalidade económica en termos de mercado, o que si ocorre en troques para as innovacións pecuarias, senón que hai que reparar tamén nas necesidades de reproduc-

ción das familias labregas e nas estratexias de consolidación das súas explotacións. A incorporación masiva de máquinas de mallar busca o aforro de traballo propio (familiar e veciñal), de tempo (para atender a novas necesidades da especialización gandeira como a recollida da herba seca, que coincide estacionalmente coa malla); minimiza o risco de perder a colleita por chuvias inesperadas; e, por último, millora a calidade do produto final. Trátase por tanto dunha innovación que encaixa con estratexias productivas labregas transxeracionais, propias de calquera agricultura campesiña que sitúa o pan na cerna das súas preocupacións. Aínda que non encaixe perfectamente coas necesidades do mercado e, sobre todo, encaixe dificilmente cunha lectura rentabilista, urbana e ilustrada, das prioridades derivadas da dinámica de especialización gandeira que se aprecia en Galicia dende o século XIX.

OS AVANCES NA INTENSIFICACIÓN

Os avances na intensificación poden relacionarse co crecente emprego de adubos fosfatados, coherente coas adicacións productivas e as características dos solos do Noroeste. Despois da gran guerra, en millores condicións de oferta medra o consumo de Escorias Thomas de desfosforación, para a fertilización de prados, nabos, trigo e centeo, axeitadas en terreos escasos en cal. Os superfosfatos, empregados primeiro para o cultivo de millo e patacas irán substituíndo progresivamente ás escorias. En todo caso predominan os fosfatos fronte aos sulfatos, nitratos e potasas. Dun cálculo realizado a partir dos datos de consumo disponibles, que debe ser tomado con precaución, pódese deducir que en torno ao 22% da superficie cultivada en Galicia en 1935 era fertilizada con adubos minerais comerciais. De todos modos é este o ámbito no que a innovación ten menos posibilidades de ser controlada efectivamente polos labregos e onde a atención ás recomendacións dos técnicos acabou ocasionando problemas de rendementos decrecentes en comarcas pioneiras polo emprego

de fertilizantes pouco acordes coas necesidades dos terreos.

Para explicar os incrementos de produtividade rexistrados, competer en conta outro tipo de innovacións: labores máis coidados, perfeccionamento das rotacións coa incorporación de leguminosas que aportan nitróxeno, maior eficacia da loita contra as pragas e andazos, e outras biolóxicas como a selección de sementes. En parte avanzouse nas liñas intensificadoras xa coñecidas e, en parte, abríronse novas vías promovidas polos técnicos pero coherentes coas necesidades labregas.

AS MILLORAS GANDEIRAS

As milloras gandeiras son as máis importantes dende o punto de vista da dirección do cambio técnico no longo prazo e das orientacións mercantiles e políticas, pero perfectamente coherentes á vez coa lóxica da pequena explotación e a súa orientación adaptativa aos cambios contemporáneos. É coherente así mesmo con tendencias e orientacións moi arraigadas dende o século XVIII, en canto ao encaideamento de innovacións que leva consigo. O incremento da produción pecuaria (cun valor que se duplica entre 1900 e 1930) exige un incremento da produción de forraxes que ven garantido por unha maior fertilización, cultivo de variedades seleccionadas e de mesturas pratenses máis productivas, milloras na estabulación, etc.

A resultas da crise pecuaria finisecular o debate sobre os males da gandeiría conduciu a dúas conclusións principais: a necesidade dunha raza millorada pola dexenaración das autóctonas; e a necesidade de milloras na hixiene pecuaria, que incluían a estabulación e máis o control de enfermidades. A innovación máis significativa entre as pecuarias é de carácter zootécnico e toma corpo na primeira década do século. Concrétase na difusión dunha raza millorada de aptitude mixta (carne, leite e traballo) que andado o tempo se coñecerá como raza rubia galega e que se obtén do cruce de exemplares selectos de razas do país con exemplares escollidos da raza Simmenthal

suiza. Con isto lógrase unha raza máis productiva que permite un aumento do peso medio e do rendimento lácteo pero, sobre todo, do cárnico (en torno ao 30%), amais dunha maior fertilidade das nais que se traduce na posibilidade de obter máis crías para o mercado. No porcino, o cruce de exemplares do país con Large-White ten efectos equiparables.

Neste esforzo xúntanse os intereses labregos, que teñen na venta de xatos de abasto a súa vía de relación máis rendible co mercado, cos da política agraria estatal orientada á conversión do Noroeste nunha reserva gandeira para o "mercado nacional", e a propia evolución da demanda. Esta millora exemplifica a capacidade de adecuación da pequena explotación ás novas exixencias do mercado pero tamén a aceptación por parte dos técnicos das condicións da pequena explotación. A administración puxo ao servizo desta millora a rede de centros experimentais e animou a celebración de numerosos concursos de gando que se organizaban nas vilas. Completou a millora a extensión dos servizos de sanidade e hixiene pecuaria,

impulsados aínda máis polas Sociedades agrarias (que contratan directamente veterinarios) que pola Administración, máis a aplicación de innovacións organizativas como a creación de sociedades de seguros mútuos para o gando desde a última década do século XIX nas comarcas de vocación gandeira.

CONCLUSIÓN

Todas as propostas contemporáneas de transformación productiva da agricultura galega baseadas na lóxica do capital, concitaron as reservas do labrego encargado de aplicarlas. Todas chocaron en primeira instancia coa realidade productiva e co grupo que a construiu historicamente e que estaba empezando a gañar a súa secular batalla cos rendistas. Todas tiveron que adecuarse ao cabo á realidade social y productiva imperante nun proceso no que os límites estiveron marcados pola lóxica das necesidades campesiñas, da que séculos de equilibrio necesario excluían como estratexia preferente a maximización de rendementos nunha orientación exclusivamente mercantil. As innovacións introducidas non mudan, en última instancia, a natu-

reza da economía campesiña, aínda que muden as súas condicións como nos séculos anteriores, senon que facilitan a súa adaptación sen destruíla.

Se as formas tradicionais de organización comunitarias serviron ao campesiño para resistir os elementos inaceptables da penetración do capitalismo, as novas sérvenlle de instrumento mediador para participar activamente nos procesos de cambio nas condicións máis favorables, así como para superar os seus propios límites derivados das condicións da pequena produción. A busca dunha millor articulación entre economía campesiña e mercado constituíu un elemento central do discurso e a práctica do movemento agrarista que serviu ao campesiñado para mediatizar a penetración do capitalismo na esfera da pequena produción agraria durante o primeiro tercio do século XX. Neste período as condicións de produción modificáronse en función dos intereses do campesiñado máis que polos dun mercado que non obstante condiciona as orientacións productivas e as formas de produción.



CASTELAR DE GESTIÓN, S.L.

Avda. de Lugo, 6 - baixo
15702 Santiago de Compostela
Teléfono 59 50 77 / 61

XESTORA DE COOPERATIVAS DE VIVENDA



PROMOCIÓN EN:

**Santiago
Padrón
Noia
Brión
Vigo
Vilalba**

O MAR DUN POETA DAS IRMANDADES:

GONZALO LÓPEZ ABENTE (II)

por Emilio Xosé Ínsua

López Abente, logo de publicar os dous libros que comentamos na anterior entrega de CERNA, **Escumas da ribeira** e **Alento da raza**, ía ver editado un novo poemario seu, titulado **D'Outono**, na colección "Céltiga" de Ferrol. Sen embargo, a editora impulsada por Ramón Villar Ponte, Xaime Quintanilla e Manuel Morgado quebrou xusto cando o libro do autor muxián entraba no prelo, de maneira que foi a luguesa "Ronsel", dirixida por Evaristo Correa Calderón, a que puxo finalmente na rúa o novo volume, en decembro de 1.924, con ilustracións de Álvaro Cebreiro.

D'Outono é un libro composto por sesenta sonetos de versos hendecasilabos. O xornalista Antón Villar Ponte recensionao ao pouco da súa aparición na revista coruñesa "Alfar" (nº 49, abril de 1.925), subliñando que entre os sonetos que o compoñen hai "algunos insuperables en el aspecto formal y en lo nítido del pensamiento que los informa, dándose así íntimamente la mano el versificador y el poeta, todavía muy aferrado a la sensibilidad ochocentista".

A poesía do volume **D'Outono** é, certamente, moito máis persoal e intimista que a que aparece en obras anteriores do noso autor, se exceptuamos algúns poemas como o titulado "Na Costa Brava", onde López Abente volta sobre o seu querido tema paisaxístico da loita do mar coa terra. A alma do poeta presentase-nos neste libro como un "campo devastado", unha "vereda pedregullenta ao correr d'unha gándara infinita", un "probe xardín" azoutado polos vendavais do remorso e asaltado polas "silveiras de aguillóns firentes", en fin, como un niño poboado de bichocos. Até a atormentada alma do noso protagonista chegou

*"a pouta treizoeira
do triste outono fungador, i-as chaves
na outura despechou da nevoeira;
i-entrando no meu peito as negras aves
arrincaron a rosa derradeira".*

Os propios poemas que compoñen o libro son aludidos no soneto que o fecha como "feixe de froles outonales / que puiden apañar polas campías, / cando menguando sen cesar os días / fuxen diante dos ventos invernais". López Abente non pode ser máis explícito sobre o seu estado anímico e vital cando escribe "na miña i-alma reina xa o outono".

Unicamente a flor do arrepentimento, regada con "báguas de tor-



mento", introduce unha raiola de esperanza no espírito do poeta, que sente o sopro de Deus na súa fronte sentado no alto dun facho, ollando a inmensidade do mar, ali "onde non chega o trafogar da xente". Algun para nós opaco acontecemento biográfico converte a maioría destes sonetos nunha sorte de purga ou desafogo constante, cun ton negativo, desengañado. A envexa é-nos presentada como unha cóbrega vil que se arrastra pola campia da amizade confiada. A vida das vilas e cidades, buliciosa en exceso, é posta en contraste coa paz e acougo da aldea, moi ao xeito horaciano do "beatius ille...". O corpo sen-

sual dunha muller espida "arrescendente rosa, / botón de fror, ensoño feitiçeiro", resulta agochar para o poeta "a miseria da carne corrompida". Sonetos como "Albre caído" ou, aínda máis, o titulado "O carballo", que a seguir reproducimos, resumen perfectamente este estado anímico predominante nos versos do libro:

*"El está sóo na gándara; está sóo
o carballo baril, serio e altivo,
ergueito n-aquel chan triste i-esquívoo
cal se quixer ao ceu rubir nun voo.
Despido de follax garda o seu dío
no seréo abandón inespresivo
dos heroes derrotados. Está vivo
porque é nobre, valente, forte e bío.
Eu tamén sóo, vivindo no abandono,
sin follas xa no derradeiro gallo,
que arrincándome foi o duro outono,
suprico a Deus poidel-o meu traballo
sofrir calado, nun finxido sono,
co-a dina maxestá d'este carballo".*

López Abente destila, ao mesmo tempo, unha visión panteísta, telúrica, en bastantes poemas deste **D'Outono**. Así, o bosco configura-se como un espazo máxico que esixe respecto ("entrade caladiños no recinto"), as árbores que o poboan son "sacerdotes misteriosos do culto universal xamáis estinto" e o poeta é quen de sentir por toda a parte "a maxestade augusta del Señor". A Natureza enteira é un templo e a vida trunfa por toda a parte:

*"nos abismos do mar, na refulxente
onda escumosa, nas rexións xiadas
dos polos, nas áreas abrasadas
que acougan quedas no deserto ardente;
no pardo lombo do penedo inxente
e nas testas dos fachos, coroadas
coa nítida brancura das nevadas".*

Este namoro cara á paisaxe leva ao poeta a desexar unha fusión panteísta coa terra despois da morte, anseio expresado no poema "Na Brétema":

*"Perdel-a forma e a unidá que encerra
o meu corpo mortal, e, libertado,
antre o ensoño, vivir arrandeado
na brétema sutil da miña terra".*




Foto: Xan G. Muras

En *Nemancos* (1.929), a derradeira obra poética que López Abente publica antes do estourido bélico do 36, achamos unha poesía na que é constante a presenza do mar e das paisaxes costeiras da terra natal do autor. Destaca no conxunto o soneto titulado "Muxia", no que Abente describe con aceso arroubo a súa vila natal:

*"Brandamente deitada no medio da ribeira
e ollando cara o ceo, acouga silenciosa
a branca e melancónica e doce compañeira
dos outos penedás da brava costa nosa.
Tecelana d'ensoños, fabrica na almohada
as randas milenarias dos albos areales
que treman milagreiros, na mañán encalmada,
nos reflexos azís dos mariños cristales.
E nos días de inverno, cando a fera tormenta
desatada en furores enrabexada alenta,
envolta no mantelo de vaporosa bruma
satisfeita sorríe e soña adormecida
no leito mol e morno que a iauga remexida
ofrécelle con tombos e folerpas de escuma."*

A Terra de *Nemancos*, co Cabo Touriñán, o Cabo da Grixá, o Vilán, a Buitra, a Arnela e outros moitos lugares de impresionante magnificéncia, aparece retratada nestes poemas de López Abente, coincidindo plenamente unha vez máis co seu admirado Eduardo Pondal, como un territorio selvaxe e virxe, de natureza indómata, fremosamente áspero, mediante a constante alusión aos seus elementos máis característicos: a longa gándara, os carballos tortos, as toxeias cativas, os piñeiros maxestuosos, a brétema e o frío invernais, os negros e feros corvos, os ventos dos vendavais, o frío nordés, o bruar cercano do mar, as furnas temerosas, os rexos

cantis... De entre todos eles é o propio mar o que recibe a maior atención poética:

*"(...) O mar!
O meu mar!
O mar que eu vexo
nestes días de inverno,
gris, abalante,
inquedo, forte e rexo,
a cólera a roubar do fondo averno
e a bater nas orelas, escumante
de rabia e furore, nun épico loitar! (...)"*

Sen embargo, tampouco fallan neste libro os poemas de corte máis lírico e persoal, poemas que repeten, no básico, as mesmas reflexións e o mesmo ton desencantado que víamos en *D'Outono*. Os pensamentos do poeta son así "inquietas anduriñas" que nunca descansan e a "estrelíña que vexo pol-as noites / palpebrear no fondo azul do ceo" fai-se confidente do "segredo fatal da miña vida", "este remorso crú que levo dentro". O recordo da compañeira amada reaparece tamén aquí. No poema "Fixen unha fogueira" López Abente poetiza a queima real das cartas que conservaba do seu noivado, para evitar que un día fose profanada a súa lembranza: "Fixen unha fogueira / c'os papéis perfumados, / pro os recordos amados / da miña compañeira / no peito están gardados". A perspectiva da morte que se achega liga-se agora a un desexo fortísimo de pasar o resto dos días en estreito contacto coa terra natal. No poema "Retorno" un López

Abente canso, vencido polos pesimismos, reclama o agarimo final da súa amada terra:

*"(...) Quero volver de novo a vivir na paisaxe
de duros penedás e cabos tromentosos;
antre os santos terróns da nativa paraxe
que desexo recollan os meus cansados ósos;
preto da antiga igrexa, preto da crara fonte,
xunta do cimiterio en que acougan os meus,
e baixo do cruceiro que está entiba do monte
sinalando nos ceos o camiño de Deus.
Quero vivir convosco, meus currunchos amados,
quero vivir con vosco e con vosco morrer;
quero que me quezades dos meus fríos pasados
e, na vosa compañía, quero amar e crear."*

Hai nalguns dos poemas deste *Nemancos* unha innegábel influencia da estética "hilozoísta", de personificación dos elementos da paisaxe, que tan en boga estivo na poesía galega dos anos 20, representada por figuras como Amado Carballo, Blanco Amor ou Xúlio Sigüenza, entre moitos outros. Vexan-se senón metáforas presentes no poema "A Laberca" como estas: "O azul roupaxe da serenidade / téndese inmóbil no encalmado ár. / A face da celeste inmensidade / beixa súa imaxen no cristal do mar", ou os versos do poema "Noitiña", que describen plasticamente o pór do sol:

*"(...) O louro cadaleito
fúndese no ocidente,
e comenza a soar,
funerario e doente,
o responso do mar (...)".*

(vai continuar)



Foto: Manolo Soto

ACTIVIDADES

MOSTRA ARTÍSTICA ¡OLLO AO LIXO!

Desde outubro pasado está en xira por distintas localidades do país a exposición ¡Olló ao Lixo! organizada por ADEGA, e que recolle obras de pintores, escultores, humoristas, poetas e outros criadores. Cunha grande diversidade, o fio conductor da mostra é o lixo: todas as obras fan referencia aos residuos, sexa pola problemática que abordan, ou sexa porque na súa confección se utilizan materiais recuperados do lixo e reutilizados. Até o de hoxe, a mostra contou coa colaboración dos concellos de A Coruña, Ferrol, Oleiros e Santiago (localidades nas que xa foi exposta), xuntamente con outras entidades, e a colaboración especial de Xurxo Souto, Xaquín Marín e Marilar Aleixandre. Entre as localidades de próxima exposición están Ourense, O Carballiño, Muros, Lugo, Viveiro, Fene ou Betanzos.

Unha maioría das obras foron cedidas polos seus autores á ADEGA, e están a venda coa finalidade de acadar fondos para os gastos da exposición e outras actividades de educación ambiental. Precisamente, este é o obxectivo último desta mostra: por de manifesto o problema ambiental do lixo, e chamar a atención sobre o potencial de recuperación e aproveitamento dos materiais de refugallo, nesta ocasión mediante un soporte novedoso e a colaboración de mais de medio-cento de artistas galegos/as.

ENCUNTROS DE AMANTES DO LIXO

Os I Encuentros Ibéricos (XIV Estatais) de Amantes do Lixo reuniron en Compostela do 4 ao 7 de decembro a unha vintena de colectivos ecoloxistas e grupos recuperadores, procedentes fundamentalmente dos Países Cataláns, Albacete, Euskalherria, Asturias e Galiza, estando presente ademais o grupo Quercus de Portugal. A pesar das datas pouco adecuadas (longa ponte aproveitada para unhas pequenas vacacións), a asistencia superou as 60 persoas. Ao longo dos encontros fixo-se un repaso a situación da xestión do lixo, especialmente aos modelos de recollida selectiva que

van empregar os diferentes planos en marcha na Galiza, así como a incidencia da Lei de Envases, para o que contamos coa experiencia de Córdoba que xa asinou o convenio con ECO-EMBÈS. A necesidade e conveniencia de elaborar compost de calidade, a elección de modelos de recollida selectiva simples e efectivos, e o rexeitamento á incineración son algunhas das conclusións que noutra ocasión poderemos presentar en maior detalle. Recoñeceu-se a labor realizada pola Mancomunidade do Morrazo, tanto na elaboración de materiais didácticos de apoio á campaña de divulgación do plano como ao enfoque desta.

Aliás, analisou-se a situación dos grupos recuperadores e a súa incidencia social. No entorno de Amantes do Lixo coordinan-se máis de medio-cento de grupos recuperadores, dos que unha parte forma AERES (Asociación de Recuperadores e Emprego Social). Segundo un estudo, 19 destes grupos que contestaron a enquisa, dan traballo a unhas 500 persoas, moitas delas con problemas de minusvalía (reinserción laboral), e distribúen en salários máis do 65% da facturación que obteñen. Consituen sen dúbida un importante exemplo de economía social e solidaria. Da Galiza, contamos coa participación de COREGAL, Cooperativa de Reciclaxe de Galiza, creada pola Confederación Galega de Minusválidos.

Outros dos campos de actividade dos grupos recuperadores é a educación ambiental. O debate centrou-se en como enfocar o R de Redución, que desde xa debe pasar a ser o R prioritario, xa que até o de hoxe estas actividades estiveron máis centradas no R de Reciclaxe. No seo de Amantes existe unha Comisión de EA que continuará o seu traballo ao longo do ano.

As ponencias presentadas, así como as conclusións dos debates, poden-se conseguir no local de ADEGA. Para rematar, temos que denunciar a actitude da Conselleira de Medio Ambiente, cuxo Centro de Información e Tecnoloxía Ambiental, dirixido por Juan Casares Long e responsable de temas como a educación ambiental, negoulle á estas xornadas o carácter de "interese ambiental" en base a consideracións como que o título das conferencias non era o ade-

cuado ao seu contido. ADEGA ten acadado este recoñecimento para todas as solicitudes feitas con anterioridade á creación da Consellería de Medio Ambiente.

DENUNCIA

SOBRE A EFICIENCIA DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE

Coa idea de recordar que é moito o que aínda nos queda por facer polo medio ambiente deste país, reproducimos a resposta da Consellería de Medio Ambiente a respecto dunha denuncia de tala de carballos centenarios prevista na Fraga do Rei e Campo da Feira de Arzúa: "Habéndose recibido nesta Delegación Provincial denuncia formulada por vostede respecto dunha posible tala de carballos, pregámoslle que no caso de que esta se produza, nos comunique os datos identificativos do autor da mesma, xa que son imprescindibles para proceder a apertura do posible expediente sancionador".


Cóstanos que a persoa denunciante volveu a dirixirse a Medio Ambiente amosando o seu abraio perante tal resposta, pero ignoramos se Medio Ambiente lle contestou á súa vez. En todo caso, xa tiña evidenciado que a prevención das agresións non era o seu, nin siquer a nivel formal: non manifesta vontade de evitar a tala, senon que agarda a que se produza para logo actuar; non promete investigar -e a vixilancia ambiental é unha das súas obrigas- senon que pide á denunciante que o faga ela e que comunique o nome do "agresor" ¿Para iso se creou unha Consellería de Medio Ambiente e se proveeu de orzamento -cartos públicos- para protexer e conservar o contorno? ¿Enténdese que os valores naturais se conservan con só sancionar agresións, mesmo cando estas son irreversibles? ¿E ten que ser a cidadanía a que se ocupe de identificar ós agresores e de comunicalos, como se cada quen fose un policía?

A xulgar pola actitude amosada, diríase que os nosos gobernantes non pasaron de aprender a primeira lección: que había que crear unha Consellería de Medio Ambiente. ¿Para cando deixan as de exercer unha protección efectiva do medio ambiente galego?

LIVROS

PARAXES NATURAIS DE GALICIA (I): O LITORAL

E. Vélez Barrio e M. C. Pereiro
Vizcaíno
Ed. Xerais de Galicia. Vigo, 1998



Despois de "As montañas de Galicia", un interesante libro de roteiros, Vélez Barrio e Pereiro

Vizcaíno ofrécennos, de novo a través de Edicións Xerais -na súa colección Montes e Fontes-, cumprida información sobre 263 paraxes naturais de Galicia. O primeiro dos dous volumes de que consta a obra está adicado ós do litoral: polas súas 280 páxinas pasan 127 espazos, agrupados en 20 itinerarios que se inician no Sur ("Do Miño a Baiona") e rematan no extremo occidental da costa lucense, pasando polas Illas Atlánticas, a Costa da Morte, Cabo Ortegal..., adentrándose en ocasións para falar do Pico Sacro, A Espenuca ou a Depresión das Pontes.

Cada itinerario preséntase cun mapa do percorrido e unha descripción do conxunto. De cada paraxe, das que no encabezamento se indica con símbolos o modo de acceder a elas (a pé, en coche, en bici) descríbense os aspectos máis salientables (características xeolóxicas, botánicas, faunísticas, ecolóxicas...), a súa situación xeográfica e as vías de acceso. A xeito de complemento, cada itinerario inclúe un texto de dous páxinas con el relacionado; e así, salpicados polos bloques das paraxes, en páxinas claramente dife-

renciadas do resto dos contidos, o mesmo se atopa información relativa ós primeiros poboadores, que ás plantas de medios húmidos, ás placas corticais e ós procesos oroxénicos ou ós mariscos, por citar algunhas das 20 temáticas tratadas no libro.

A parte da abondosa fotografía a toda cor, conta o libro cun apéndice de direccións e teléfonos de interese para actividades alternativas na natureza, así como unha relación de nomes científicos das especies citadas na obra. E, ademais do índice xeral, contén un índice temático das paraxes que sen dúbida facilita determinados usos específicos.

A introducción fala da privilegiada natureza de Galicia e da falta dunha protección eficaz que poña freo as fortes agresións que está sufrindo e que provocan cambios tan importantes que "convर्टen calquera libro da natureza na testemuña dun pasado esplendor". Que non sexa así, din, "en parte, depende de ti".

E desde CERNA esperamos e desexamos que o libro contribúa a mellorar o coñecemento e a incrementar o compromiso coa conservación do noso medio natural.

ENCRUCILLADO

Solucións ao número anterior (Cerna 24-25). Horizontais: 1. ANAGNÓRISE, 2. MARZO-ALE, 3. I-E-ENZIMA, 4. NAN-COMIC, 5. OLGA-NINO, 6. ALAB-MATAR, 7. CERES-A-D, 8. IT-M-U-DOE, 9. DÓLAR-RODO, 10. OB-EVA-IN.

HORIZONTALAIS.- 1. Encargado dun arquivo 2. Posesivo. Ao revés, relacionado coa espalda 3. Brillante, destacado. Cociñe 4. Ao revés, que aínda mama. Consoante. Contracción dunha preposición máis artigo 5. Cincocentos. Principia, comeza. Cincocentos, outravolta 6. Ao revés, a el van os bos, se Deus quer. Ao revés, non cociñada. Vocal de abertura mínima 7. Querer. Ao revés, acredito 8. Afirmación categórica. Ao revés, corte de pelo peculiar que se practica en certas ordes relixiosas 9. Palabras ou expresións consideradas malsoantes. Parte do esqueleto 10. Manuscrito antigo, enrolado arredor dun pau. Sociedade anónima.

VERTICAIS.-1. Froito seco, en plural. Consoante 2. Firme, duro. Propago polas ondas 3. Ciencia que estuda as transformacións, combinacións e accións recíprocas das substancias. Prefixo árabe, moi presente na toponimia ibérica 4. Vocal de abertura mínima. Extremidade superior. Tipo de embarcación tradicional. 5. Nome propio, aplicábel indistintamente a varón ou femia, usado por unha coñecida revista cristiá galega. Ao revés, forma medieval da palabra "maior" 6. Lugar en que a auga cubre pouco e permite o paso. Quen o ten, ten medo. Empregue, utilice 7. Ao revés, voz das ovelas. Andar a eles non resolve os conflitos de Euzkadi ou Irlanda 8. Ao revés, siglas dunha organización independentista galega. Sinais, xesticulacións 9. Natural dunha nación integrada na antiga Unión Soviética. Flor 10. Instalación para o transporte de petróleo e derivados.

	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
1										
2				■						
3							■			
4						■		■		
5	■								■	
6				■					■	
7					■	■				
8			■							
9	■						■			
10										■

COMIDA SANA

AS ALGAS : AS VERDURAS DO MAR

Isabel Kerdudo

Desde a antiguidade e no mundo inteiro os povos costeiros incorporaron as algas à súa dieta diária. Un estudo recentemente realizado no Xapón demostrou que a xente vive máis tempo e permanece máis saudábel naquelas zonas onde se consumen algas en abundancia.

O mar é a orixe da vida. Millóns de anos de erosión enriqueceron-a de todos os minerais necesarios para a vida. As algas conteñen entre dez e vinte veces máis minerais que as verduras terrestres e acumulan unha variedade moito maior destes elementos. Apesar da súa alta absorción de minerais do mar, as verduras mariñas non absorben normalmente tanta contaminación como os peixes. Cando o nivel de polución empeza a ser alto, deixan de medrar. De feito, unha das características das algas é a súa capacidade de expulsaren do seu corpo metais contaminados, radioactivos e tóxicos. Os vexetais mariños conteñen ácido alxénico, unha substancia apegadiza que suxeita as súas células de forma compacta capacitando-as para viveren nun ambiente de constante circulación de auga.

As algas son un valioso alimento,

sobretudo non países occidentais onde a sobrealimentación se converteu nun grave problema de saúde. A súa abundancia en minerais produce no sangue un efecto alcalinizante que até pode depurar o noso sistema, eliminando os efectos ácidos da dieta moderna. Poden chegar a conter máis de 25% máis de minerais que o leite mais son case isentas de calorías. O seu contido en graxas é baixo e non se absorven na súa totalidade os hidratos de carbono que conteñen. Conteñen as vitaminas A, B, C, D3, E, K e en menor cantidade a B12. Tamén poden axudar a disolver as graxas e os depósitos de mucosidade que aparecen no corpo de se consumir en demasia produtos cárnicos e lácteos e outros alimentos excesivamente ricos.

As algas figuran entre as formas de vida máis antigas da terra. Conservan unha natureza simples. Aínda que a folla, o tallo e a raíz varían de tamaño, a composición dos seus tecidos é sempre a mesma. A raíz non serve para absorber alimentos senón que actúa simplemente como áncoa da planta. Através da totalidade da súa superficie,

alimentan-se as algas da auga que converte en compostos orgánicos. A reprodución efectúase por esporas. Todas as algas conteñen clorofila e realizan a fotosíntese segundo a cantidade de luz dispoñible. Xeralmente, a alga verde medra en augas pouco profundas, a vermella nas zonas máis profundas e a marrón crece no nivel intermedio.

Poden-se conservar moito tempo en recipientes herméticos e son moi económicas dado que aumentan considerabelmente de volume cando as pomos en remollo. Primeiro limpanse cun pano húmedo para quitar todo o sal da superficie, logo lavanse rapidamente baixo a billa para retirar calquera partícula de areia ou de concha. Pode-se conservar a auga de remollo para usar despois. Algunhas algas poden-se consumir cruas após un breve tempo de remollo, mentres outras necesitan unha cocción máis ou menos longa. Talvez experimentemos a tentación de as usarmos en grandes cantidades e logo de as abandonarmos durante algun tempo. Recomendase, aliás, consumi-las en pequenas cantidades e de xeito regular.

QUICHE DE ALGAS E ALLOS-PORROS

Para a masa :

200 g de fariña de trigo

100 g de manteiga ou óleo de xirasol sal

Para o recheio:

100 g de algas (Wakame)

100 g de allos-porros ou de cebola

250 g de queixo Emmenthal

4 ovos


1/8 litro de tona de leite

sal, pementa negra e perixel

Prepara-se a masa quebrada mesturando os ingredientes coa xema dos dedos. Cando forma unha bola, estende-se cun rolo e pinchase cun garfo. Coloca-se nun molde para tartas. Pon-se nun forno quente durante aproximadamente 10 minutos. Cocense as algas

durante 30 minutos. Refogan-se os allos-porros cortados un pouco e engaden-se as algas. Baten-se os ovos coa tona e sazónase. Engaden-se as verduras no bol. Saca-se a masa do forno e cobre-se coa mestura dos ovos.

Despois dun cuarto de hora, cobre-se co queixo ralado para gratinar. Deixar uns quince minutos máis, vixiando a temperatura.



TORTILLA DE ALGAS

75 g de algas (kombu, espagete do mar, fucus)

1 cebola

3 ovos

Ferver as algas durante meia hora. Refogar a cebola e engadir as algas. Batir o ovo e facer a tortilla.